

# **PROGRAMACIÓN DE CICLO EEI AS DUNAS CURSO 2020-2021**

EEI AS DUNAS

CÓDIGO DE CENTRO:36015160

R/ Gondomar, n.º 9

36340 Panxón, Nigrán (Pontevedra)

Tlf: 986 380 120 / 665 832 640

eei.dunas.panxon@edu.xunta.es

<http://www.edu.xunta.gal/centros/eedunaspanxon/>

## ÍNDICE

1. CONTEXTUALIZACIÓN.....	3
2. OBOXECTIVOS E CONTIDOS DO SEGUNDO CICLO.....	3
3. PROGRAMACIÓN POR NIVEIS.....	14
4. LINGUA ESTRANXEIRA INGLÉS:.....	47
5. AUDICIÓN E LINGUAXE.....	54
6. MÍNIMOS ESIXIBLES.....	59
7. CONTRIBUCIÓN DAS COMPETENCIAS BÁSICAS PARA CADA UN DOS NIVEIS DE EDUCACIÓN INFANTIL.....	70
8. METODOLOXÍA.....	85
9. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	87
10. AVALIACIÓN.....	88
11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	91
12. CONCRECIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.....	92
13. CONCRECIÓN DO PLAN TIC.....	94
14. ACCIÓNS DE ACORDO CO PLAN ANUAL DE LECTURA.....	95
15. ACCIÓNS PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO.....	96
16. PLURILINGÜISMO.....	98
17. VARIABLES DO CURSO 2020-2021.....	100

## **1. CONTEXTUALIZACIÓN**

A Escola de E.I. As Dunas está situada na localidade de Panxón, pertencente ao Concello de Nigrán. Dista 12 Km da cidade de Vigo. Atópase nun lugar privilexiado da natureza, a cen metros da praia de San Xoán, preto de Praia América.

O nivel socio-económico é medio. Maioritariamente as familias traballan no mar, na industria en Vigo e no sector servizos.

No curso 2020-2021 os grupos estarán distribuídos do seguinte xeito:

- 4º de E.I: formada por 19 alumnos e alumnas.
- 5º de E.I. formada por 21 nenos e nenas.
- 6º de E. I. formada por 12 alumnos e alumnas.

As mestras e mestres especialistas imparten:

- Lingua Estranxeira: Inglés
- Psicomotricidade en inglés
- Taller de estimulación e prevención da linguaxe.
- Relixión Católica/Alternativa á relixion.

Este curso o proxecto de centro, que parte da biblioteca, titúlase “Sementando con Lola” e xirará darredor da temática da horta.

## **2. OBXECTIVOS E CONTIDOS DO SEGUNDO CICLO**

### **OBXECTIVOS XERAIS DO 2º CICLO DE ED. INFANTIL**

- Coñecer o seu propio corpo e o dos outros, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- Observar e explorar o seu medio familiar, natural e social.
- Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- Desenvolver as súas capacidades afectivas.

- Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e de relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.
- Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectoescritura e no movemento, no xesto e no ritmo.

## **OBXECTIVOS POR ÁREAS DE APRENDIZAXE**

### **COÑECEMENTO DE SÍ MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL**

- Formarse unha imaxe axustada e positiva de sí mesmo, a través da interacción cos outros e da identificación gradual das propias características, posibilidades e limitacións, desenvolvendo sentimentos de autoestima e de autonomía persoal.
- Coñecer e representar o seu corpo, os seus elementos e algunhas das súas funcións, descubrindo as posibilidades de acción e de expresión, e coordinando e controlando cada vez con maior precisión xestos e movementos.
- Identificar os propios sentimentos, emocións, necesidades ou preferencias, e ser capaces de denominalos, expresalos e comunicarllelos aos demais, identificando e respectando, tamén, os dos outros.
- Realizar, de xeito cada vez máis autónomo, actividades habituais e tarefas sinxelas para resolver problemas da vida cotiá, aumentando o sentimento de autoconfianza e a capacidade de iniciativa, e desenvolvendo estratexias para satisfacer as súas necesidades básicas.
- .Axeitar o seu comportamento ás necesidades e aos requirimentos dos outros, desenvolvendo actitudes e hábitos de respecto, de axuda e de colaboración, evitando comportamentos de sumisión ou de dominio.

- .Progresar na adquisición de hábitos e de actitudes relacionados coa seguridade, coa hixiene e co fortalecemento da saúde, apreciando e gozando das situacións cotiás de equilibrio e de benestar emocional.

## **COÑECEMENTO DO CONTORNO**

- Observar e explorar, de xeito activo, o seu medio, xerando interpretacións sobre algunhas situacións e feitos significativos, e amosando interese polo seu coñecemento.
- Relacionarse cos demais, de maneira cada vez máis equilibrada e satisfactoria, interiorizando progresivamente as pautas de comportamento social e axustando a súa conduta a elas.
- Coñecer distintos grupos sociais próximos á súa experiencia, algunhas das súas características, producións culturais, valores e formas de vida, xerando actitudes de confianza, de respecto e de aprecio.
- Iniciarse nas habilidades matemáticas, manipulando funcionalmente elementos e coleccións, identificando os seus atributos e as súas calidades, e establecendo relacións de agrupamento, de clasificación, de orde e de cuantificación.
- Coñecer e valorar os compoñentes básicos do medio natural e algunhas das súas relacións, cambios e transformacións, desenvolvendo actitudes de coidado, de respecto e de responsabilidade na súa conservación.

## **LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN**

- Utilizar a lingua como instrumento de comunicación, de representación, de aprendizaxe e de gozo, de expresión de ideas e de sentimentos e valorar a lingua oral como un medio de relación cos demais e de regulación da convivencia.
- Expresar emocións, sentimentos, desexos e ideas mediante a lingua oral e a través doutras linguaxes, elixindo a que mellor se axuste á intención e á situación.

- Comprender as intencións e as mensaxes doutros nenos e adultos, adoptando unha actitude positiva cara á lingua, tanto propia coma estranxeira.
- Comprender, reproducir e recrear algúns textos literarios amosando actitudes de valoración, de gozo e de interese cara a eles.
- Iniciarse nos usos sociais da lectura e da escritura explorando o seu funcionamento e valorándoas como instrumento de comunicación, de información e de gozo.
- Achegarse ao coñecemento de obras artísticas expresadas en distintas linguaxes e realizar actividades de representación e de expresión artística mediante o emprego de diversas técnicas.
- Iniciarse no uso oral dunha lingua estranxeira para comunicarse en actividades dentro da aula, e amosar interese e gozo ao participar nestes intercambios comunicativos.

## **CONTIDOS POR ÁREAS DE APRENDIZAXE**

### **CRITERIOS PARA A SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS**

A secuenciación de contidos realizada ao longo do ciclo lévase a cabo atendendo aos seguintes criterios:

- Considerar o desenvolvemento cognitivo alcanzado polos alumnos e alumnas das diferentes idades como criterio fundamental para a organización dos contidos.
- Tomar como punto de partida as experiencias dos alumnos e alumnas, así como os coñecementos previos alcanzados.
- Establecer unha interrelación axeitada entre os contidos das diversas áreas do currículo e dar cabida ao tratamento dos temas transversais e as competencias básicas.
- Partir dos contidos máis concretos e máis próximos á realidade dos alumnos e alumnas para avanzar cara a outros máis abstractos
- Presentar os distintos contidos dun modo significativo para os nenos e nenas das distintas idades.

- Tratar de modo cíclico algúns contidos procedimentais e actitudinais ao longo da etapa de xeito que, a través de aproximacións sucesivas, se vaia avanzando e profundicen na súa consecución.

## **COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL**

### **Bloque 1. O corpo e a propia imaxe**

- corpo humano. Exploración do propio corpo. Identificación e aceptación progresiva das características propias. O esquema corporal.
- Percepción dos cambios físicos propios e da súa relación co paso do tempo. As referencias espaciais en relación co propio corpo.
- Utilización dos sentidos: sensacións e percepcións.
- As necesidades básicas do corpo. Identificación, manifestación, regulación e control delas. Confianza nas capacidades propias para a súa satisfacción.
- Identificación e expresión de sentimentos, de emocións, de vivencias, de preferencias e de intereses propios e dos demais. Control progresivo dos propios sentimentos e emocións.
- Aceptación e valoración axustada e positiva de sí mesmo, das posibilidades e das limitacións propias.
- Valoración positiva e respecto polas diferenzas; aceptación da identidade e das características dos demais, evitando actitudes discriminatorias.

### **Bloque 2. Xogo e movemento**

- Confianza nas propias posibilidades de acción, participación e esforzo persoal nos xogos e no nexercicio físico. Gusto polo xogo.
- Control postural: o corpo e o movemento. Progresivo control do ton, do equilibrio e da respiración. Satisfacción polo crecente dominio corporal.

- Exploración e valoración das posibilidades e das limitacións perceptivas, motrices e expresivas propias e dos demais. Iniciativa para aprender habilidades novas.
- Nocións básicas de orientación e de coordinación de movementos.
- Adaptación do ton e da postura ás características do obxecto, do outro, da acción e da situación.
- Comprensión e aceptación de regras para xogar, participación na súa regulación e valoración da súa necesidade e do papel do xogo como medio de gozo e de relación cos demais.

### **Bloque 3. A actividade e a vida cotia**

- As actividades da vida cotiá. Iniciativa e progresiva autonomía na súa realización. Regulación do propio comportamento, satisfacción pola realización de tarefas e conciencia da propia competencia.
- Normas que regulan a vida cotiá. Planificación secuenciada da acción para resolver tarefas. Aceptación das propias posibilidades e limitacións na realización delas.
- Hábitos elementais de organización, de constancia, de atención, de iniciativa e de esforzo. Valoración e gusto polo traballo ben feito por un mesmo e polos demais.
- Habilidades para a interacción e colaboración, e actitude positiva para establecer relacións de afecto coas persoas adultas e cos iguais.

### **Bloque 4. O coidado persoal e a saúde**

- Accións e situacións que favorecen a saúde e xeran benestar propio e dos demais.
- Práctica de hábitos saudables: hixiene corporal, alimentación e descanso. Utilización axeitada de espazos, de elementos e de obxectos. Petición e aceptación de axuda en situacións que a requiran. Valoración da actitude de axuda doutras persoas.



- Gusto por un aspecto persoal coidado. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados.
- Aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene.
- A dor corporal e a enfermidade. Valoración axustada dos factores de risco, adopción de comportamentos de prevención e de seguridade en situacións habituais, actitude de tranquilidade e de colaboración en situacións de enfermidade e de pequenos accidentes.
- Identificación e valoración crítica ante factores e prácticas sociais cotiáns que favorecen ou non a saúde.

## **COÑECEMENTO DO CONTORNO**

### **Bloque 1. Medio físico: elementos, relacións e medida**

- Os obxectos e materias presentes no medio, as súas funcións e usos cotiáns. Interese pola súa exploración e actitude de respecto e de coidado cara a obxectos propios e alleos.
- Percepción de atributos e de calidades de obxectos e de materias. Interese pola clasificación de elementos e por explorar as súas calidades e graos. Uso contextualizado dos primeiros números ordinais.
- Achegamento á cuantificación de coleccións. Utilización do conteo como estratexia de estimación e de uso dos números cardinais referidos a cantidades manexables.
- Achegamento á serie numérica e a súa utilización oral para contar. Observación e toma de conciencia da funcionalidade dos números na vida cotiá.
- Exploración e identificación de situacións en que se fai necesario medir. Interese e curiosidade polos instrumentos de medida. Achegamento ao seu uso.
- Estimación intuitiva e medida do tempo. Situación temporal de actividades da vida cotiá.

- Situación de sí mesmo e dos obxectos no espazo. Posicións relativas. Realización de desprazamentos orientados.
- Identificación de formas planas e tridimensionais en elementos do medio. Exploración dalgúns corpos xeométricos elementais.

## **Bloque 2. Achegamento á Natureza**

- Identificación de seres vivos e de materia inerte como o sol, animais, plantas, rochas, nubes ou ríos. Valoración da súa importancia para a vida.
- Observación dalgúns características, comportamentos, funcións e cambios nos seres vivos. Achegamento ao ciclo vital.
- Curiosidade, respecto e coidado cara aos elementos do medio natural, especialmente animais e plantas. Interese e gusto polas relacións con eles, rexeitando actuacións negativas.
- Observación de fenómenos do medio natural (chuvia, vento, día, noite...). Formulación de conxecturas sobre as súas causas e consecuencias.
- Gozo ao realizar actividades en contacto coa Natureza. Valoración da súa importancia para a saúde e o benestar.

## **Bloque 3. Cultura e vida en sociedade**

- A familia e a escola como primeiros grupos sociais de pertenza. Toma de conciencia da necesidade da súa existencia e funcionamento mediante exemplos do papel que desempeñan na súa vida cotiá. Valoración das relacións afectivas que neles se establecen.
- Observación de necesidades, de ocupacións e de servizos na vida da comunidade.
- Incorporación progresiva de pautas axeitadas de comportamento, disposición para compartir e para resolver conflitos cotiáns mediante o diálogo, de forma progresivamente autónoma, atendendo especialmente á relación equilibrada entre nenos e nenas.
- Recoñecemento dalgúns sinais de identidade cultural do medio e interese por participar en actividades sociais e culturais.

- Identificación dalgúns cambios no xeito de vida e nas costumes en relación co paso do tempo.
- Interese e disposición favorable para establecer relacións respectuosas, afectivas e recíprocas con nenos e con nenas doutras culturas.

## **LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN**

### **Bloque 1. Linguaxe verbal**

#### *Escoitar, falar e conversar*

- Utilización e valoración progresiva da lingua oral para evocar e relatar feitos, para explorar coñecementos; para expresar e comunicar ideas e sentimentos e para regular a propia conduta e a dos demais.
- Uso progresivo, acorde coa idade, de léxico preciso e variado e con crecente precisión, estruturación apropiada das frases, entonación axeitada e pronunciación clara.
- Participación e escoita activa en situacións habituais de comunicación. Acomodación progresiva dos seus enunciados aos formatos convencionais, así como achegamento á interpretación de mensaxes, de textos e de relatos orais producidos por medios audiovisuais.
- Utilización axeitada das normas que rexen o intercambio lingüístico, respectando a quenda de palabra, escoitando con atención e con respecto.
- Interese por participar en interaccións orais en lingua estranxeira en rutinas e en situacións habituais de comunicación.
- Comprensión da idea global de textos orais en lingua estranxeira, en situacións habituais da aula e cando se fala de temas coñecidos e predicibles. Actitude positiva cara á lingua estranxeira.

## **Achegamento á lingua escrita**

- Achegamento á lingua escrita como medio de comunicación, de información e de gozo. Interese por explorar algúns dos seus elementos.
- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica. Identificación de palabras e de frases escritas, moi significativas e usuais. Percepción de diferenzas e semellanzas entre elas. Iniciación ao coñecemento do código escrito a través desas palabras e frases.
- Uso, gradualmente autónomo, de diferentes soportes da lingua escrita como libros, revistas, xornais, carteis ou etiquetas. Utilización progresivamente axustada da información que proporcionan. 11
- Interese e atención na escoita de narracións, de explicacións, de instrucións ou de descricións, lidas por outras persoas.
- Iniciación no uso da escritura para cumprir finalidades reais. Interese e disposición para o uso dalgunhas convencións do sistema da lingua escrita como linearidade, orientación e organización do espazo, e gusto por producir mensaxes con trazos cada vez máis precisos e lexibles.

## **Achegamento á literatura**

- Escoita e comprensión de contos, de relatos, de lendas, de poesías, de rimas ou de adiviñas, tanto tradicionais coma contemporáneas, como fonte de pracer e de aprendizaxe.
- Recitado dalgunos textos de carácter poético, de tradición cultural ou de autor, gozando das sensacións que o ritmo, a rima e a beleza das palabras producen.
- Participación creativa en xogos lingüísticos para divertirse e para aprender.
- Dramatización de textos literarios, e gozo e interese por expresarse con axuda de recursos extralingüísticos.
- Interese por compartir interpretacións, sensacións e emocións provocadas polas producións literarias.

- Utilización da biblioteca con respecto e con coidado, valoración da biblioteca como recurso informativo de entretemento e de gozo.

## **Bloque 2. Linguaxe audiovisual e tecnoloxías da Información e da Comunicación**

- Iniciación no uso de instrumentos tecnolóxicos como ordenador, cámara ou reprodutores de son e de imaxe, como elementos de comunicación.
- Achegamento a producións audiovisuais como películas, debuxos animados ou videoxogos. Valoración crítica dos seus contidos e da súa estética.
- Distinción progresiva entre a realidade e a representación audiovisual.
- Toma progresiva de conciencia da necesidade dun uso moderado dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da Información e da Comunicación.

## **Bloque 3. Linguaxe artística**

- Experimentación e descubrimento dalgúns elementos que configuran a linguaxe plástica (liña, forma, cor, textura, espazo...).
- Expresión e comunicación de feitos, de sentimentos e de emocións, de vivencias, ou fantasías a través do debuxo e de producións plásticas realizadas con distintos materiais e técnicas.
- Interpretación e valoración progresivamente axustada de diferentes tipos de obras plásticas presentes no medio.
- Exploración das posibilidades sonoras da voz, do propio corpo, de obxectos cotiáns e de instrumentos musicais. Utilización dos sons atopados para a interpretación e para a creación musical.
- Recoñecemento de sons do medio natural e social, e discriminación dos seus trazos distintivos e dalgúns contrastes básicos (longo-curto, forte-suave, agudo-grave).

- Audición atenta de obras musicais presentes no medio. Participación activa e gozo na interpretación de cancións, de xogos musicais e de danzas.

#### **Bloque 4. Linguaxe corporal**

- Descubrimento e experimentación de xestos e de movementos como recursos corporais para a expresión e para a comunicación.
- Utilización, con intención comunicativa e expresiva, das posibilidades motrices do propio corpo con relación ao espazo e ao tempo.
- Representación espontánea de personaxes, de feitos e de situacións en xogos simbólicos, individuais e compartidos.
- Participación en actividades de dramatización, danzas, xogo simbólico e outros xogos de expresión corporal.

### **3. PROGRAMACIÓN POR NIVEIS**

#### **4º EDUCACIÓN INFANTIL**

##### **PERÍODO DE ADAPTACIÓN**

O período de adaptación organízase de xeito escalonado e acumulativo. Nenas e nenos irán incorporándose á escola en pequenos grupos de tres ou catro membros ao longo da primeira semana.

Dentro do alumnado de 4º de educación infantil, establécense 5 grupos:

Cada grupo permanecerá a primeira metade da mañá a soas coa mestra, o que permitirá facer unha valoración individualizada de cada quen. Este primeiro achegamento adquire especial relevancia o presente ano xa que, debido ás excepcionais circunstancias sanitarias, a titora non tivo contacto previo nin co alumnado nin coas familias.

A segunda metade da mañá vanse sumando os grupos que xa teñen asistido os días anteriores, deste xeito facilitarase unha socialización progresiva entre todo o

alumnado de 4º, que quedará integrado na súa totalidade durante a primeira semana do curso.

Nas seguintes semanas o que se fai é ir aumentando o tempo de permanencia do grupo completo ata chegar ao horario normal da escola.

A semana que abrangue do xoves 10 ao mércores 16 de setembro artellarase do seguinte xeito:

As entrevistas individuais faranse de xeito presencial só entre aquelas familias nas que as crianzas presenten unhas características persoais que requiran unha pronta obtención de datos. Faráselles chegar ao resto das familias un cuestionario que deberán cubrir y remitir de novo ao centro. Nos casos nos que se estime oportuno, citaráselles para unha videoconferencia.

O alumnado que precise empregar os servizos de transporte e comedor, poderá facelo a partires do día 1 de outubro.

## **OBXECTIVOS E CONTIDOS**

### **COÑECEMENTO DE SÍ MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL**

#### **Obxectivos**

- Coñecer e representar o seu corpo, os seus elementos e algunhas das súas funcións.
- Formarse unha imaxe positiva de sí mesmo, identificando algunha característica propia e desenvolvendo sentimentos de autoestima.
- Identificar e manifestar sentimentos e ser quen de comunicarllelos aos demais, descubriendo tamén os dos outros.
- Orientarse nos espazos habituais.
- Descubrir as posibilidades motrices do propio corpo, coordinando e controlando, cada vez con maior precisión, xestos e movementos.
- Aplicar a coordinación visomanual en actividades gráficas.
- Realizar, cada vez de maneira máis autónoma, actividades habituais.

- Axeitar o seu comportamento ás necesidades e aos requirimentos da acción e dos outros, desenvolvendo actitudes e hábitos de atención, de respecto, de axuda e de colaboración.
- Progresar na adquisición de hábitos de autonomía relacionados coa hixiene, coa comida, co vestido e co descanso, apreciando e gozando das situacións cotiás de benestar emocional

## **Contidos**

### **Bloque 1: O corpo e a propia imaxe**

- Exploración do propio corpo: esquema corporal.
- Sensacións e percepcións.
- Identificación e manifestación de sentimentos propios e dos outros.
- A autoestima: identificación e valoración de características persoais.
- Lateralidade: estimulación sensorial.

### **Bloque 2: Xogo e movemento**

- Nocións básicas de orientación en espazos e en labirintos.
- Exploración e valoración das posibilidades perceptivas motrices e expresivas, propias e dos outros.
- Psicomotricidade: actividade motriz. Xogos con obxectos. Circuito. Relaxación.
- Control postural: o corpo e o movemento. Grafomotricidade.
- Comprensión, valoración e aceptación de regras para xogar.

### **Bloque 3: A actividade e a vida cotiá**

- As actividades da vida cotiá. Iniciativa e progresiva autonomía na súa realización.



- Hábitos elementais de organización, de constancia, de atención, de observación e de esforzo
- Habilidades para a colaboración, interacción e actitude positiva para establecer relacións de afecto e de amizade.
- Satisfacción pola realización de tarefas e a súa valoración.

#### **Bloque 4: O coidado persoal e a saúde**

- Práctica de hábitos saudables: hixiene corporal, alimentación completa e descanso.
- Utilización axeitada de espazos, de elementos e de obxectos.
- Valoración da actitude de axuda doutras persoas.

### **COÑECEMENTO DO CONTORNO**

#### **Obxectivos**

- Observar e explorar de forma activa o seu medio, xerando interpretacións sobre algunhas situacións e amosando interese polo seu coñecemento.
- Iniciarse nashabilidades matemáticas, actuando sobre elementos e coleccións, identificando os seus atributos e as súas calidades, e establecendo relacións de orde.
- Coñecer e valorar os compoñentes básicos do medio natural, desenvolvendo actitudes de coidado, de respecto, de amor e de responsabilidade.
- Observar e interpretar o tempo atmosférico e as súas consecuencias.
- Coñecer grupos sociais próximos á súa experiencia, algunhas das súas características, producións culturais, valores e formas de vida, xerando actitudes de confianza, de respecto e de aprecio.
- Relacionarse cos demais de forma cada vez máis equilibrada e satisfactoria.

- Coñecer, respectar e valorar, na medida das súas posibilidades, datos relevantes.

## **Contidos**

### **Bloque 1: Medio físico: elementos, relacións e medida**

- Os obxectos e materiais presentes no medio. Percepción e identificación das súas calidades.
- Situación de si mesmo e dos obxectos no espazo: «dentro-fóra», «arriba-abaixo», «enriba-debaixo», «preto-lonxe».
- Relacións de orde, seriacións, clasificacións, secuencias temporais, crebacabezas.
- Interese pola exploración de obxectos de forma plana (cadrado, círculo, triángulo, rectángulo).
- Achegamento á cuantificación de coleccións, utilizando o conteo como estratexia.
- Achegamento á serie numérica e aos seus grafos.

### **Bloque 2: Achegamento á Natureza**

- Identificación de elementos naturais: auga, sol, plantas, terra e as súas consecuencias.
- Observación, recoñecemento e valoración dalgunhas características e cambios nos seres vivos: as estacións, ciclo vital, etc.
- Observación do tempo atmosférico, os seus cambios e as súas consecuencias.
- Curiosidade, coidado e respecto cara aos animais e ás plantas, e interese e gusto controlado na súa relación con eles. Alimentos de orixe vexetal e animal.

### **Bloque 3: Cultura e vida en sociedade**

- Observación de necesidades, de ocupacións e de servizos na vida da comunidade. Coñecer e valorar distintas profesións: mestre/a, xardineiro/a, doutor/a.
- Incorporación progresiva de pautas axeitadas de comportamento: compartir, resolver conflitos mediante o diálogo, relación equilibrada entre nenos e nenas.
- Recoñecemento dalgúns sinais de identidade cultural do medio, participando con interese en actividades sociais e culturais.

## **LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN**

### **Obxectivos**

- Estimular a linguaxe oral.
- Utilizar a lingua como instrumento de aprendizaxe, de representación, de comunicación, de gozo e de expresión de ideas e de sentimentos.
- Comprender, reproducir e recrear algúns textos literarios.
- Iniciarse nos usos sociais da lectura e da escritura.
- Ler e interpretar imaxes, pictogramas e algunhas palabras significativas.
- Coñecer e utilizar, de maneira axeitada, a linguaxe audiovisual e as tecnoloxías da Información e da Comunicación.
- Iniciarse no uso de instrumentos tecnolóxicos.
- Identificar as cores: azul, vermella, amarela, rosa, verde, branca e negra.
- Achegarse ao coñecemento de obras artísticas e realizar actividades de representación e de expresión, mediante o emprego de diversas técnicas.
- Explorar as posibilidades sonoras dos obxectos.
- Recoñecer sons e a súa fonte de produción.
- Explorar as posibilidades sonoras da voz e do propio corpo.
- Achegarse ao coñecemento de obras musicais e realizar actividades de expresión, seguindo o ritmo.

## **Contidos**

### **Bloque 1: Linguaxe verbal**

- Utilización e valoración progresiva da lingua oral para relatar feitos e comunicar ideas e sentimentos.
- Uso progresivo de léxico preciso e variado.
- escoita e comprensión de contos, de poemas, de adiviñas e de series.
- Achegamento á lingua escrita: palabras, imaxes, pictogramas e frases. Realización de grafos.
- Utilización da biblioteca con respecto e con coidado.

### **Bloque 2: Linguaxe audiovisual e tecnoloxías da Información e da Comunicación**

- Iniciación no coñecemento e no uso de instrumentos tecnolóxicos: ordenador, pizarra dixital, cámara fotográfica, teléfono... como elementos de comunicación.
- Concienciación progresiva da necesidade do uso moderado dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da Información e da Comunicación.

### **Bloque 3: Linguaxe artística**

- Experimentación e descubrimento das cores primarias: verde, rosa, branca e negra.
- Interpretación e valoración dalgunhas obras de arte.
- Realización de obras plásticas con diferentes materiais e técnicas: láminas, obradoiros, debuxo libre.
- Recoñecemento de sons do medio natural e social e de instrumentos musicais.
- Audición interesada de obras musicais. Identificación de contrastes básicos.

- Interpretación de cancións.

#### **Bloque 4: Linguaxe corporal**

- Descubrimento e experimentación de xestos e de movementos como recursos corporais de expresión.
- Participación en actividades de dramatización, danza e xogo simbólico.

#### **TEMPORALIZACIÓN**

Para a consecución destes obxectivos, temporalizáronse as actividades de ensino- aprendizaxe en diferentes proxectos que irán xurdindo ao longo do curso tendo en conta os intereses dos nenos/as. Estes proxectos estarán relacionados co proxecto de centro, que este curso académico se titula “Sementando con Lola” e que parte da nosa biblioteca de centro.

Esta temporalización é susceptible de cambios dependendo do nivel de motivación dos alumnos/as, podendo estenderse ou reducirse máis no tempo.

Na planificación das actividades realizadas ao longo da xornada buscarase o equilibrio entre a necesidade de respectar os ritmos fisiolóxicos individuais dos nenos/as do grupo (descanso, alimento, actividades...) e a conveniencia de manter rutinas diarias que lles poidan servir de marco de referencia para interiorizar as primeiras secuencias temporais, é dicir, que os axude a diferenciar o que fan antes e despois.

Por outra banda, manter unha rutina de actividades estable (aínda que flexible) permitirá aos alumnos/as ser conscientes do traballo a realizar en cada momento sen necesidade de alterar demasiado o ritmo da clase.

A modo orientativo, as diferentes rutinas que se levarán a cabo ao longo da xornada, son as que seguen a continuación:

- A modo orientativo enumérase a seguinte secuencia de actividades:
- Entrada na escola e cambio de calzado.
- Desinfección as mans.
- Xogo nos diferentes recantos/psicomotricidade e relaxación.
- Reunión en asemblea e actividades de rutinas.

- escoita dun conto e cantado de canción.
- intercambio e busca de información en relación con algún tema de interese (desenvolvemento de proxectos)
- traballo individualizado.
- lavado de mans, desinfección de mesas e merenda.
- cambio de calzado.
- desinfección de mans.
- xogo no patio exterior.
- cambio de calzado.
- desinfección de mans.
- volta á aula e actividade individual /xogo en recantos.
- cambio o calzado.
- desinfección de mans.
- saída para casa/comedor.

## **5º EDUCACIÓN INFANTIL**

### **OBXECTIVOS E CONTIDOS**

#### **COÑECEMENTO DE SÍ MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL**

##### **Obxectivos:**

- coñecer e representar o seu corpo, os seus elementos e algunhas das súas funcións. Identificar sentimentos e emocións propios e dos outros, e ser quen de denominalos.
- desenvolver a percepción e a discriminación visuais.
- formarse unha imaxe axustada e positiva de sí mesmo, a través da interacción cos outros e da identificación gradual das propias características, posibilidades e limitacións, desenvolvendo sentimentos de autoestima e de autonomía persoal.

- Descubrir as posibilidades motrices do propio corpo, coordinando e controlando xestos e movementos cada vez con maior precisión.
- Aplicar a coordinación visomanual en actividades de motricidade fina.
- Aceptación e valoración axustada e positiva de sí mesmo, das posibilidades e das limitacións propias.
- Axeitar o seu comportamento ás necesidades e aos requirimentos da acción e dos outros.
- Desenvolver actitudes de respecto, de axuda e de colaboración.
- Realizar actividades habituais cada vez con máis autonomía, desenvolvendo actitudes e hábitos de observación e de atención.
- Progresar na adquisición de hábitos de autonomía relacionados coa seguridade, coa hixiene, coa saúde e co benestar persoais, apreciando e gozando das situacións cotiás de benestar emocional.

### **Bloque 1: O corpo e a propia imaxe Contidos:**

- Exploración do propio corpo. Lateralidade: lados dereito e esquerdo. Esquema corporal. Identificación e valoración progresiva das características propias e dos outros. Identidade sexual.
- Identificación e utilización dos sentidos: sensacións e percepcións. Discriminación auditiva e visual.
- Identificación, expresión e valoración de sentimentos propios e alleos: alegría, tristeza, enfado, medo, valentía, autocontrol, autoestima, empatía, heterocentrismo, tolerancia, afrontar a intolerancia.

### **Criterios de avaliación:**

- Explorar o propio corpo. Esquema corporal. Identificar e valorar as propias características e as dos outros.
- Identificar e utilizar os sentidos: sensacións e percepcións, discriminación auditiva e visual.

- Identificar, expresar, denominar e valorar sentimentos propios e alleos: alegría, tristeza, enfado, medo, autoestima, empatía, heterocentrismo, etc.

## **Bloque 2: Xogo e movemento Contidos**

- Control postural, nocións básicas de coordinación de movementos e de orientación. O corpo e o movemento.
- Grafomotricidade e a súa realización: traxectos e labirintos.
- Exploración e valoración das posibilidades e limitacións perceptivas, motrices e expresivas, propias e dos outros.
- Psicomotricidade: actividade motriz, xogo con obxectos, circuíto, relaxación.

### **Criterios de avaliación:**

- Controlar, de xeito progresivo, o ton e o equilibrio nos xogos e nas actividades.
- Coordinar e controlar, cada vez con maior precisión, as habilidades manipulativas de carácter fino. Grafomotricidade: traxectos e labirintos.
- Participar nos xogos, respectando as regras.

## **Bloque 3: A actividade e a vida cotiá Contidos:**

- Hábitos elementais de observación, de atención, de interese e de esforzo. Valoración do traballo ben feito, por un mesmo e polos outros.
- A actividade da vida cotiá. Iniciativa e progresiva autonomía na súa realización.
- Habilidades para a interacción e para a colaboración de forma afectuosa: axuda, solidariedade, colaboración, cooperación, amizade, amor.
- Regulación dos comportamentos propios: esperar a quenda, escoitar os outros, etc.



**Criterios de avaliación:**

- Manifestar satisfacción polas tarefas ben feitas. Valorar positivamente as tarefas propias e as dos outros.
- Desenvolver hábitos elementais de atención, de interese e de esforzo, e habilidades para a interacción, colaboración e cooperación de forma afectuosa: amizade, amor, axuda, solidariedade, respectar a quenda, escoitar os outros...

**Bloque 4: O coidado persoal e a saúde Contidos:**

- Práctica de hábitos saudables: hixiene corporal, alimentación (inxesta de alimentos variados, incluíndo os de orixe vexetal), descanso axeitado, respectando os horarios de sono e de vixilia.
- Colaboración no mantemento da orde e da limpeza nos elementos do medio.
- Coñecemento e valoración dalgúns factores de risco.
- Petición e aceptación de axuda en situacións que a requiran. Valorala.

**Criterios de avaliación:**

- Practicar responsablemente hábitos de hixiene corporal, alimentación e descanso.
- Colaborar en manter a orde e a limpeza nos elementos do medio máis próximo.
- Pedir axuda en situacións que a requiran e valorala.

**COÑECEMENTO DO CONTORNO****Obxectivos:**

- Observar e explorar de forma activa o seu medio, xerando interpretacións sobre algunhas situacións e feitos significativos, e amosando interese polo seu coñecemento.
- Iniciarse nas habilidades matemáticas, manipulando funcionalmente elementos e coleccións, identificando os seus atributos e as súas calidades, e establecendo relacións de agrupamento, clasificación e cuantificación, e resolvendo situacións problemáticas.
- Coñecer e valorar os compoñentes básicos do medio natural (animais e plantas) e algunhas das súas relacións, desenvolvendo actitudes de coidado, de amor, de respecto e de responsabilidade na súa conservación.
- Observar e interpretar o tempo atmosférico.
- Coñecer distintos grupos sociais próximos á súa experiencia, algunhas das súas características, valores, formas de vida e oficios relacionados con elas, xerando actitudes de confianza, de respecto, de aprecio e de colaboración.
- Relacionarse cos demais de forma cada vez máis equilibrada e satisfactoria, interiorizando progresivamente as pautas de comportamento social e axustando a súa conduta a elas.
- Coñecer, valorar e respectar os dereitos da Infancia.

### **Bloque 1: Medio físico: elementos, relacións e medida Contidos:**

- Situación dos obxectos no espazo e no tempo («diante-detrás», «antes-despois», «xuntos-separados», «primeiro-último», «a través»). Resolución de situacións problemáticas: sumas (signos máis e igual).
- Interese pola exploración de obxectos do medio para identificar tamaños (regretas).
- Formas planas: círculo, cadrado, triángulo, rectángulo, óvalo.
- Percepción e identificación de atributos
- Calidades de obxectos («alto-baixo», «encollido-estirado», «ancho-estreito», «o máis grande», «liso-rugoso», «grande--mediano- pequeno»),

relacionándoos entre si (clasificacións, seriacións, resolución de crebacabezas).

- Situación temporal de actividades da vida cotiá: secuencia temporal.
- Achegamento á cuantificación de coleccións: «moitos-ningún», «cheo-baleiro», «metade», «hai igual», «tantos como/coma», «máis-menos».
- Utilización do conteo como estratexia de estimación e uso dos cardinais (correspondencias entre coleccións).
- Achegamento á serie numérica e ao seu grafo (números 1 ao 7 e as súas regretas), e a súa utilidade oral para contar. Concienciación da súa funcionalidade na vida cotiá.

### **Criterios de avaliación:**

- Identificar situacións de obxectos no espazo e no tempo («diante-detrás», «antes- despois», «xuntos-separados», «primeiro-último», «a través»). Resolver situacións problemáticas: sumas (signos máis e igual).
- Identificar formas planas.
- Percibir e identificar atributos e calidades de obxectos; relacionalos entre si.
- Situar temporalmente actividades da vida cotiá.
- Achegarse á cuantificación de coleccións. Utilización do conteo como estratexia de estimación e uso dos cardinais (correspondencias entre coleccións).
- Coñecer a serie numérica e os seus grafos.
- Concienciarse da súa funcionalidade na vida cotiá.

### **Bloque 2: Achegamento á Natureza Contidos:**

- Curiosidade, coidado, respecto e valoración positiva dos elementos do medio natural.
- Observación de fenómenos do medio natural e formulación de conxecturas sobre as súas causas e consecuencias: as estacións.

Comparación das súas características. Cambios na vida das plantas, das persoas e dos animais. Ciclo vital dalgúns plantas e animais.

- Elementos da Natureza (auga, terra, aire) e a súa influencia na vida dos seres vivos.
- Observación dos cambios do tempo e o seu reflexo no calendario da clase.

#### **Criterios de avaliación:**

- Manifestar curiosidade, coidado, respecto e valoración positiva dos elementos do medio natural.
- Observar os fenómenos do medio natural.
- Interesarse polos cambios que se producen na vida das plantas, das persoas e dos animais.
- Coñecer os elementos da Natureza.
- Observar os cambios do tempo.

#### **Bloque 3: Cultura e vida en sociedade Contidos:**

- Identificar os primeiros grupos sociais de pertenza. Valorar o traballo e os servizos dalgúns profesionais.
- Amosar interese e disposición favorable para establecer relacións respectuosas, afectivas e recíprocas con nenos e con nenas da mesma cultura e doutras culturas diferentes.
- Incorporación progresiva de pautas axeitadas de comportamento.
- Recoñecer algún sinal de identidade cultural do medio e participar en actividades grupais.

### **Criterios de avaliación:**

- Identificar os primeiros grupos sociais de pertenza, as súas necesidades, ocupacións e servizos na vida da comunidade. Valorar o traballo e os servizos que algúns profesionais lle prestan á comunidade.
- Amosar interese e disposición favorable para establecer relacións respectuosas, afectivas e recíprocas con nenos e con nenas da mesma cultura e doutras culturas diferentes.
- Incorporar progresivamente pautas axeitadas de comportamento: compartir, axudar, cooperar, resolver conflitos mediante o diálogo, etc.
- Recoñecer algún sinal de identidade cultural do medio («Día da Paz», «do Libro», «das Letras Galegas», etc.). Interese por participar en actividades grupais.

### **LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN**

#### **Obxectivos:**

- Utilizar a lingua como instrumento de aprendizaxe, de representación, de comunicación e de gozo, e tamén de expresión de ideas e de sentimentos. Valorar a lingua oral como medio de relación cos demais.
- Achegarse ao uso da lingua escrita como medio de comunicación e de gozo.
- Ler e interpretar imaxes, pictogramas e frases.
- Comprender, reproducir e recrear algúns textos literarios, amosando actitudes de valoración, de gozo e de interese cara a eles.
- Coñecer, valorar e utilizar de forma axeitada a linguaxe audiovisual e as tecnoloxías da Información e da Comunicación.
- Iniciarse no uso dalgúns instrumentos tecnolóxicos.
- Achegarse ao coñecemento de obras artísticas e realizar actividades de representación e de expresión mediante o emprego de diversas técnicas.
- Identificar cores nos elementos do medio.

- Achegarse ao coñecemento de obras musicais e realizar actividades de expresión seguindo o ritmo.
- Explorar e recoñecer as posibilidades sonoras dalgúns instrumentos musicais.
- Recoñecer diferentes sons e a súa fonte de produción.
- Realizar actividades de representación e de expresión mediante xestos e movementos corporais.

### **Bloque 1: Linguaxe verbal Contidos:**

- Utilización e valoración progresiva da lingua oral para evocar e relatar feitos reais ou fantásticos, para expresar e comunicar ideas ou sentimentos.
- Utilización axeitada das normas que rexen o intercambio lingüístico.
- Uso progresivo do vocabulario básico e do de cada Unidade, de forma comprensiva e con pronunciación clara e correcta.
- Achegamento ao uso da lingua escrita: discriminación de palabras, de imaxes e de pictogramas, e interpretación deles formando frases. Realización de diferentes grafos, respectando a direccionalidade correcta.
- Uso gradualmente autónomo de diferentes soportes da lingua escrita.
- Comprensión da idea global dalgúns contos populares e doutros, identificando e nomeando os protagonistas e algún outro personaxe deles. Comprensión dalgúns poemas, trabalinguas e adiviñas. Reprodución oral dalgún fragmento deles.

### **Criterios de avaliación:**

- Expresar feitos reais ou fantásticos, sentimentos e emocións, mediante o uso da linguaxe oral.
- Usar, axeitadamente e de forma progresiva, o vocabulario básico e o da Unidade con pronunciación clara e correcta.

- Discriminar e interpretar palabras, imaxes e pictogramas, formar frases e lelas de forma comprensiva.
- Realizar diferentes grafos seguindo a direccionalidade correcta.
- Comprender o argumento de contos, de poemas, de adiviñas e reproducir algúns fragmentos.

## **Bloque 2: Linguaxe audiovisual e tecnoloxías da Información e da Comunicación**

### **Contidos:**

- Concienciación progresiva do uso moderado e valoración dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da Información e da Comunicación.
- Iniciación no coñecemento e valoración da utilidade dalgún deles, intentando comprender o seu funcionamento de forma elemental.

### **Criterios de avaliación:**

- Coñecer e usar de forma moderada algúns medios audiovisuais e tecnoloxías da Información e da Comunicación.
- Identificar e nomear algún deles ou as súas partes.

### **Bloque 3: linguaxe artística Contidos:**

- Experimentación, manipulación e descubrimento dalgúns elementos plásticos e diferentes cores.
- Interpretación e valoración de obras de arte de diferentes autores.
- Expresión e comunicación de feitos, de emocións e de fantasías a través de debuxos e doutras producións, utilizando diferentes técnicas e materiais.
- Recoñecemento de sons do medio, identificando a súa procedencia.

- Exploración e recoñecemento das posibilidades sonoras dalgúns instrumentos musicais.
- Audición interesada de obras musicais, identificando os seus ritmos.
- Participación e gozo na interpretación de cancións, de xogos musicais e de danzas.

**Criterios de avaliación:**

- Experimentar, manipular e descubrir algúns elementos plásticos, e técnicas e materiais diferentes.
- Utilizalos para expresar emocións, sentimentos e situacións cotiás.
- Coñecer e identificar as súas cores en elementos do medio. Experimentar con elas.
- Coñecer e valorar diferentes obras de arte.
- Recoñecer os sons do medio, identificando a súa procedencia.
- escoitar de forma interesada distintas obras musicais, identificando os seus diferentes ritmos
- Experimentar e explorar con gusto instrumentos e técnicas da linguaxe musical.

**Bloque 4: Linguaxe corporal Contidos:**

- Descubrimento e experimentación de xestos e de movementos como recursos corporais para a expresión e para a comunicación.
- Participación en actividades de dramatización, danzas, xogo simbólico e outros xogos de expresión corporal.

**Criterios de avaliación:**

- Desenvolver as habilidades expresivas da linguaxe corporal, experimentando e explorando con agrado as posibilidades expresivas do xesto e dos movementos.



## TEMPORALIZACIÓN

Para a consecución destes obxectivos realizaranse diferntes proxectos que xurdirán dos intereses dos nenos, que partirán do prxecto de centro, o cal se titula “Sementando con Lola” e que parte da biblioteca do centro.

Esta temporalización é susceptible de cambios dependendo do nivel de motivación dos alumnos/as, podendo estenderse ou reducirse máis no tempo, así como tamén queda aberta ao traballo doutros que puideran xurdir.

A modo orientativo enumérase a seguinte secuencia de actividades:

- Entrada na escola e cambio de calzado.
- Desinfección as mans.
- Xogo nos diferentes recantos/psicomotricidade e relaxación.
- Reunión en asemblea e actividades de rutinas.
- escoita dun conto e cantado de canción.
- Intercambio e busca de información en relación con algún tema de interese (desenvolvemento de proxectos)
- Traballo individualizado.
- Lavado de mans, desinfección de mesas e merenda.
- Cambio de calzado.
- Desinfección de mans.
- Xogo no patio exterior.
- Cambio de calzado.
- Desinfección de mans.
- Volta á aula e actividade individual /xogo en recantos.
- Cambio o calzado.
- Desinfección de mans.
- Saída para casa/comedor.

## **6º EDUCACIÓN INFANTIL**

### **OBXECTIVOS E CONTIDOS**

#### **COÑECEMENTO DE SÍ MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL**

##### **Obxectivos:**

- Progresar no coñecemento das partes da cara e do corpo humano.
- Recoñecer a propia imaxe, a idade e as propias características físicas.
- Recoñecer os sentidos que se utilizan en determinadas situacións.
- Interpretar e aplicar correctamente unhas instrucións.
- Desenvolver hábitos responsables que contribúan á orde das cousas e ao coidado da propia saúde.
- Desenvolver actitudes de respecto e valorar a amizade cos demais.
- Resolver un crebacabezas de maneira autónoma tendo en conta o seu contido e tamaño.
- Desenvolver a propia imaxinación a partir de contos e historias fantásticas.
- Exercitar destrezas manuais, como pegar adhesivos e anacos de papel, recortar, picar cun punzón, etc., amosando unha boa coordinación óculo-manual.
- Desenvolver o hábito de axudar aos demais, de respectar os animais e coidar o contorno.
- Progresar na realización de trazos horizontais, verticais, inclinados, curvos e combinados realizando a pinza cos dedos e seguindo unhas directrices determinadas.
- Desenvolver condutas de respecto cara aos demais e de aceptación dos resultados.
- Concienciarse do perigo que poden entrañar determinados obxectos e accións.
- Manifestar sentimentos, emocións, necesidades e preferencias libremente.

- Potenciar a propia seguridade desenvolvendo actitudes correctas na vía pública.

### **Contidos:**

#### **Bloque 1: O corpo e a propia imaxe**

- Coñecemento das características do propio corpo.
- A representación do corpo humano. O esquema corporal.
- Os sentidos: oído, gusto, vista, olfacto e tacto.
- Os órganos asociados aos sentidos.
- Identificación dos sentidos utilizados en diversas accións.
- A identidade persoal: recoñecemento da propia imaxe. A idade.
- A expresión de emocións, sentimentos, intereses e preferencias persoais.
- Distinción dereita/esquerda.
- Experimentación de posturas corporais diferentes.
- Identificación e manifestación das necesidades básicas do corpo. A súa regulación e control.
- Confianza nas propias posibilidades e aceptación das propias limitacións.
- Aceptación e valoración positiva de si mesmo.
- Valoración positiva polas diferenzas físicas e rexeitamento das actitudes discriminatorias.

#### **Bloque 2: Xogo e movemento**

- Xogo simbólico e a súa importancia no desenvolvemento persoal.
- Realización de trazos horizontais, verticais, inclinados, curvos e combinados, realizando a pinza cos dedos e seguindo a dirección indicada.
- Satisfacción persoal polo control progresivo de novas habilidades motrices.

- Coordinación de movementos e aplicación de nocións básicas de orientación espacial e temporal.
- Resolución dun crebacabezas tendo en conta o debuxo que contén e o seu tamaño.
- Exercicio de destrezas manuais, colocando adhesivos, recortando por unha liña de puntos, picando cun punzón ou pegando papeis amosando unha boa coordinación óculo- manual.
- Comprensión das normas que rexen os xogos, aceptación das mesmas e valoración da súa necesidade.
- Diferenciación de xogos individuais e colectivos.
- Identificación de xogos habituais e tradicionais.
- Actitude de axuda e colaboración cos compañeiros nos xogos colectivos.
- Descrición dalgúns deportes e recoñecemento de obxectos asociados a eles.

### **Bloque 3: A actividade e a vida cotiá**

- As actividades da vida cotiá e as rutinas diarias.
- Iniciativa e progresiva autonomía na vida cotiá. Satisfacción pola correcta realización das tarefas.
- O hábito de axudar aos demais.
- Desenvolvemento da imaxinación creativa grazas aos contos e historias fantásticas.
- As actitudes de respecto cara aos demais e de aceptación dos resultados.
- Desenvolvemento de hábitos responsables que contribúan á orde e ao coidado das cousas.
- A responsabilidade de coidar as plantas.
- Conciencia da necesidade de usar as papeleiras para manter limpa a redonda.
- O respecto aos animais e ao medio.
- Conciencia do uso responsable da auga.

## **Bloque 4: O coidado persoal e a saúde**

- Conciencia da necesidade de practicar actividades saudables para coidarnos.
- Conciencia da necesidade de almorzar ben.
- Desenvolvemento de hábitos de coidado da propia saúde como o uso de paraugas cando chove ou a conciencia do perigo de obxectos.
- A propia seguridade desenvolvendo actitudes correctas na vía pública.
- Os hábitos de hixiene e as rutinas escolares relacionadas co coidado persoal.
- Adquisición de hábitos sobre a seguridade e o coidado do propio corpo.
- Desenvolvemento de actitudes que melloren a autonomía e o coidado persoal, como vestirse sen a axuda dos demais, protexerse do sol ou utilizar casco para ir en bicicleta.
- Normas básicas que hai que seguir na mesa: comer amodo, utilizar os cubertos e non tirar a comida.
- Concienciación da necesidade de seguir unha dieta sa e equilibrada para o coidado da nosa saúde e da importancia de moderar o consumo de doces.
- Recoñecemento de hábitos desexables para potenciar a hixiene e preservar a saúde, como usar panos cando sexa necesario.
- A necesidade de durmir as horas suficientes para asegurar o descanso.
- O uso responsable da auga nas actividades de aseo persoal.
- Valoración do contacto coa natureza para mellorar a saúde e o benestar.

## **COÑECEMENTO DO CONTORNO**

### **Obxectivos:**

- Recoñecer diversos animais, o seu hábitat e crías e os produtos que obtemos deles.

- Descubrir a importancia de colaborar cos demais, respectar os animais e as plantas e coidar a redonda.
- Identificar a incidencia do ser humano e do ciclo natural do ano na natureza.
- Recoñecer os aparatos que o home instala na natureza para aproveitar o vento e o sol.
- Observar e identificar profesións e obxectos relacionados con elas.
- Observar e identificar medios de transporte e comunicación e relacionalos co seu medio.
- Identificar as características dos elementos da natureza e o tempo meteorolóxico.
- Fomentar o uso responsable da auga e as actividades saudables.
- Distinguir as profesións propias dun ámbito determinado.
- Recoñecer as diferenzas de tamaño en obxectos e o concepto de ordinal.
- Observar as dependencias dunha casa e ver se os seus elementos ocupan o lugar axeitado.
- Detectar erros en ilustracións.
- Recoñecer e discriminar elementos a partir de características coñecidas, situar elementos no seu lugar correspondente e clasificar información nunha táboa.
- Progresar no trazo dos números.
- Progresar na identificación da orde ascendente e descendente dos números.
- Cuantificar elementos, representar cantidades, e descompoñer números, identificar a orde de números e elementos e identificar a pauta dunha serie.
- Progresar na cuantificación de elementos e a representación de cantidades.
- Recoñecer cantidades e o seu símbolo, e contar, restar, recoñecer os números anterior e posterior a un dado e o intermedio e descompoñer números.

- Identificar figuras xeométricas: círculo, cadrado, triángulo, o rectángulo, o óvalo e o rombo.
- Discriminar algunhas figuras con volume: o cubo e a esfera.
- Diferenciar esfera/círculo e cubo/cadrado.
- Recoñecer volumes nos obxectos.
- Clasificar elementos segundo as súas características, identificar obxectos iguais e realizar conxuntos.
- Diferenciar cores, tonalidades, igualdades en obxectos, conceptos abstractos, figuras xeométricas e trazos en obxectos.
- Identificar obxectos iguais e diferentes en ilustracións e series.
- Deducir a orde dos elementos dunha serie e a secuencia dunha historia.
- Recoñecer e aplicar correctamente normas básicas de educación viaria.
- Recoñecer actitudes correctas e incorrectas.
- Recoñecer a importancia dos xogos colectivos para socializar e fomentar a amizade.
- Coñecer a función do colector e recoñecer a necesidade de reciclar para preservar o medio.

### **Contidos:**

#### **Bloque 1: Medio físico: elementos, relacións e medida**

- Diferenciación de algún/ningún, dereita/esquerda, pequeno/grande, onte/hoxe, cerca/lonxe e longo/curto, ancho/estreito, de fronte/de costas, antes/despois, dentro/fóra, grande/pequeno, longo/curto, hoxe/mañá, centro/recanto, lixeiro/pesado e todos/algúns.
- As cores.
- Distinción do tamaño dos obxectos.
- A orde dos elementos e a descomposición dos números.
- A grafa do 0, 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8 e 9.
- Asociación do número coa cantidade.
- Diferenzas, semellanzas e igualdades.

- As igualdades en obxectos e as parellas.
- Identificación da pauta dunha serie.
- Distinción de trazos en obxectos, conceptos abstractos na realidade e información en táboas.
- Aparatos para aproveitar o vento e o sol.
- Cómputo de elementos e representación da cantidade co seu símbolo.
- Clasificación de elementos segundo as súas características e unión de elementos relacionados.
- Números anterior e posterior a un dado.
- A secuencia dunha serie de imaxes.
- Comparación do número de elementos: máis que/menos que.
- Identificación do número maior nun grupo.
- A suma de elementos.
- Clasificación de elementos.
- O concepto ningún.
- As figuras xeométricas: o círculo, o cadrado, o triángulo, o rectángulo, o óvalo e o rombo.
- O volume: o cubo e a esfera.
- Distinción esfera/círculo e cubo/cadrado.

## **Bloque 2: Achegamento á Natureza**

- Elementos e fenómenos da natureza.
- Identificación da incidencia do ser humano na natureza.
- O tempo meteorolóxico.
- Identificación dos cambios na paisaxe asociados ao paso do tempo.
- Identificación de animais e o seu medio e plantas.
- Relación de obxectos co seu medio.
- Os hábitos de respecto e coidado dos animais, as plantas e a redonda.
- Os animais, o seu hábitat, as súas crías, os produtos que obtemos deles.
- Valoración das actividades que se realizan en contacto coa natureza.



- Concienciación da necesidade de manter limpa a redonda.
- Valoración da recollida selectiva de residuos.

### **Bloque 3: Cultura e vida en sociedade**

- Desenvolvemento de hábitos responsables, condutas correctas cara ás intervencións dos demais e valoración da amizade.
- Identificación de profesións que prestan un servizo á comunidade.
- Identificación de medios de transporte e comunicación.
- As actitudes correctas e incorrectas.
- A colaboración cos demais.
- As normas básicas de educación viaria.
- Recoñecemento de personaxes e debuxo de elementos na súa redonda.
- Valoración do xogo colectivo como elemento de socialización.
- As profesións do ámbito da escola.
- Identificación de profesións e obxectos relacionados con cada unha delas.
- A necesidade da participación colectiva na reciclaxe.
- As moedas e o seu valor.
- Fomento do consumo responsable da auga e das actividades saudables.

### **LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN**

#### **Obxectivos:**

- Inventar historias fantásticas seguindo un argumento e un esquema determinado.
- escoitar con atención un texto oral e interpretar axeitadamente o seu significado.
- Comentar colectivamente unha imaxe, describindo as características e a utilidade dos elementos e as accións representados e discriminando os aspectos incorrectos que presenta.

- Describir e xustificar de maneira razoada elementos que están fora de lugar.
- Ampliar o léxico das profesións, os sentidos e o ordenador, as dependencias e obxectos da casa, as pezas de vestir, os elementos e tradicións das diferentes festas do ano, os xogos e os xoguetes, os animais, as súas crías e a granxa, as plantas, as profesións e dos obxectos relacionados con elas, os medios de transporte e comunicación, a praia, as actividades acuáticas e os elementos propios das diferentes estacións do ano...
- escoitar atentamente as intervencións dos demais para poder comunicarnos ben.
- Distinguir palabras sinxelas e contar sílabas de palabras dando palmadas.
- Comentar colectivamente os elementos e tradicións propias do ano.
- Participar activamente no comentario das características de xogos de interior e exterior e tamén colectivos e individuais.
- Verbalizar conceptos abstractos e explicar experiencias, hábitos e costumes.
- Participar no comentario das características de animais, o seu hábitat e as súas crías.
- Comentar colectivamente a incidencia do ser humano e as estacións na natureza.
- Recoñecer a grafía das letras maiúsculas e minúsculas e asociala ao seu son.
- Progresar na realización das grafías en minúscula.
- Comentar as características das profesións e dos obxectos relacionados con elas.
- Iniciar na interpretación de palabras sinxelas.
- Progresar na lectura e escritura tendo en conta a etapa evolutiva na que se atopan.
- Valorar os contos como instrumentos de coñecemento e potenciación da imaxinación.

- Comentar colectivamente as características dos medios de transporte e comunicación.
- Familiarizarse cos ordenadores como instrumentos de transmisión de coñecemento e de comunicación.
- Identificar o código informativo dos semáforos.
- Traballar con contidos en formato multimedia para imaxinar, informarse e tamén divertirse.
- Identificar a música como linguaxe artística e expresiva.
- Utilizar diversos materiais e técnicas nas súas expresións plásticas.
- Debuxar figuras usando a imaxinación.
- Representar plasticamente a realidade pintándose a si mesmo, aos demais e elementos diversos.
- Representar personaxes e accións en xogo simbólico.
- Representar sentimentos mediante linguaxe xestual.
- Representar animais usando a linguaxe corporal e xestual e en xogo simbólico.
- Descubrir a natureza artística en trazos.
- Representar profesións en xogo simbólico e usando a linguaxe corporal.

### **Contidos:**

#### **Bloque 1: Linguaxe verbal**

##### **\*Escoitar, falar e conversar.**

- Invención de historias fantásticas que respondan a un esquema e un argumento determinados.
- O vocabulario das profesións, as dependencias, elementos e electrodomésticos da casa, o ordenador e as pezas de vestir, os elementos e tradicións, os elementos da clase, os xogos e xoguetes, os animais e as plantas, as profesións e os obxectos relacionados con elas,

os medios de transporte e comunicación, a praia, as actividades acuáticas e os elementos do verán.

- Audición atenta das intervencións dos demais para entendelas ben e comunicarnos con sentido.
- Cómputo de sílabas de palabras dando palmadas.
- Comentario colectivo dos erros que presenta unha imaxe.
- Comentario da utilidade de obxectos.
- Comentario colectivo dos elementos, tradicións e actividades propios das festas do ano respectando as normas dos intercambios comunicativos.
- Verbalización de antes/despois, dentro/fóra, longo/curto e explicación de experiencias e costumes.
- Participación activa no comentario das características de animais e o seu hábitat respectando as normas básicas de comunicación.
- Comentario colectivo da incidencia do ser humano e das estacións na natureza respectando as normas dos intercambios comunicativos.
- Comentario das características das profesións e dos obxectos relacionados con elas respectando os intercambios comunicativos.
- Comentario colectivo das características dos medios de transporte e comunicación e relación co seu medio.
- Comentario sobre a necesidade de facer un uso responsable da auga.

#### **\*Aproximación á lingua escrita.**

- Recoñecemento e escritura das letras así como os seus sons.
- Escritura de palabras tendo en conta o nivel evolutivo no que se atopan.

#### **\*Aproximación á literatura.**

- Audición de textos literarios amosando a atención necesaria para comprender o seu contido e unha actitude de valoración.
- Coñecemento e imaxinación nos contos.
- Valoración dos recursos que ofrece a biblioteca.

- Memorización e recitado dalgúns textos.
- Dramatización de textos literarios.

## **Bloque 2: Linguaxe audiovisual e tecnoloxías da Información e da Comunicación**

- Observación, interpretación e valoración do contido de láminas e ilustracións e análise da información que transmiten.
- Traballo con contidos en formato multimedia para imaxinar, informarse e tamén divertirse. CD.
- Detección de erros nun debuxo.
- O ordenador como instrumento tecnolóxico.
- O significado de símbolos e códigos.

## **Bloque 3: Linguaxe artística: plástica, musical e corporal**

- Coloreado de figuras de forma artística.
- Debuxo do corpo humano e dos elementos dunha ilustración seguindo un modelo.
- Debuxo de figuras xeométricas e elementos de forma creativa, representando un número determinado ou ilustrando o sentido que activan.
- Elaboración de manualidades utilizando diversos materiais e técnicas plásticas.
- Debuxo libre de obxectos de forma artística e con creatividade e de si mesmo.
- Utilización de diversos materiais nas súas expresións plásticas.
- A obtención dunhas cores a partir doutras.
- Representación plástica da realidade debuxándose a si mesmo, a outras persoas e elementos.
- A música como linguaxe artística e expresiva.
- Participación na interpretación de cancións.

- Recoñecemento de sons da vida cotiá.
- Representación de personaxes e accións relacionados con historias fantásticas en xogo simbólico.
- Representación da sensación de dor en xogo simbólico e mediante a linguaxe xestual.
- Representación de conceptos abstractos e de como se tocan instrumentos con linguaxe xestual.
- Representación de xogos mediante a linguaxe xestual.
- Representación do sentimento de alegría e satisfacción mediante linguaxe xestual.
- Imitación de animais en xogo simbólico e mediante a linguaxe xestual.
- Representación de accións mediante a linguaxe corporal.
- Representación de profesións en xogo simbólico.
- Representación dos conceptos lixeiro/pesado, longo/curto, dereita/esquerda, centro/recanto con linguaxe corporal.
- Representación de accións correctas e incorrectas en xogo simbólico mediante linguaxe xestual.

## **TEMPORALIZACIÓN**

Para a consecución destes obxectivos, realizaranse diferentes proxectos que se desenvolverán durante todo o curso os cales xurdirán dos intereses dos nenos/as e partirán do noso proxecto de centro, que se titula “Sentindo con Lola”, partindo da biblioteca do centro.

Esta temporalización é susceptible de cambios dependendo do nivel de motivación dos alumnos/as, puidendo estenderse ou reducirse máis no tempo.

Na planificación das actividades realizadas ao longo da xornada buscarase o equilibrio entre a necesidade de respectar os ritmos fisiolóxicos individuais dos nenos/as do grupo (descanso, alimento, actividades...) e a conveniencia de manter rutinas diarias que lles poidan servir de marco de referencia para interiorizar as primeiras secuencias temporais, é dicir, que os axude a diferenciar o que fan antes e despois.

Por outra banda, manter unha rutina de actividades estable (aínda que flexible) permitirá aos alumnos/as ser conscientes do traballo a realizar en cada momento sen necesidade de alterar demasiado o ritmo da clase.

As diferentes rutinas que se levarán a cabo ao longo da xornada son as que seguen a continuación:

- A modo orientativo enumérase a seguinte secuencia de actividades:
- Entrada na escola e cambio de calzado.
- Desinfección as mans.
- Xogo nos diferentes recantos/psicomotricidade e relaxación.
- Reunión en asemblea e actividades de rutinas.
- escoita dun conto e cantado de canción.
- Intercambio e busca de información en relación con algún tema de interese (desenvolvemento de proxectos)
- Traballo individualizado.
- Lavado de mans, desinfección de mesas e merenda.
- Cambio de calzado.
- Desinfección de mans.
- Xogo no patio exterior.
- Cambio de calzado.
- Desinfección de mans.
- Volta á aula e actividade individual /xogo en recantos.
- Cambio o calzado.
- Desinfección de mans.
- Saída para casa/comedor.

#### **4. LINGUA ESTRANXEIRA INGLÉS:**

##### **OBXECTIVOS DA ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL**

- Saudar e despedirse.
- Recoñecer as principais partes do corpo.

- Recoñecer en nomear algunhas prendas de vestir.
- Recoñecer e nomear algún material de aula.
- Recoñecer e nomear algúns alimentos.
- Recoñecer e nomear algúns animais.
- Recoñecer e nomear algúns xoguetes.
- Recoñecer e nomear aos principais membros da familia.
- Describir os principais estados de ánimo (happy, sad, fine, hungry).
- Comparar tamaños (big-small).
- Recoñecer as formas básicas (circle, triangle, square).
- Contar ata 10.
- Recoñecer e nomear algunhas accións.
- Aprender cancións en lingua estranxeira.
- Celebrar e aprender algún vocabulario relacionado coas principais festividades (Halloween, Christmas, Easter, Birthday).

## **BLOQUES DE CONTIDOS**

### **LÉXICO E PRINCIPAIS ESTRUCTURAS**

- Colours: Red, blue, yellow, green, orange, pink, purple, black, white, brown,...
- Greetings: Hello! Good morning! Good bye! How are you?, I'm .....
- Body: Face, nose, mouth, eyes, ears, shoulders, fingers, feet, head, knees, toes.
- Family: Mum, dad, baby, family, boy, girl.
- Afirmación-negación: Yes, no.
- Food: Apple, banana, biscuit, milk., water, biscuit, milk
- Toys: Ball, train, drum, teddy bear. •
- Festivals: Christmas tree, Easter, Easter egg, birthday, cake, present, surprise, rabbit, chick., Halloween, pumpkin, ghost, witch.
- Numbers: One, two, three, four, five, six, seven, eight, nine, ten.
- Adjectives: Big-small, happy-sad, good-not good, hungry.



- Clothes: T-shirt, trousers, coat, hat, skirt, shoes.
- Shapes. Square, triangle, circle.
- Classroom: chair, desk, door, window, school, toilet, pencil, worksheet, teacher, board, computer.
- Animals: Cat, dog, goose, frog, mouse, horse, rabbit, fish, bird.

## **LINGUAXE RECEPTIVA**

- How are you? • Fine, thank you. • I am fine.
- Look at your face. I can touch my (legs)! •
- Clean up!
- Where's my hat? • Put on (your coat). • I'm very, very cold
- This is fun!
- Look!
- Stand up! Seat down!
- Can I go to the toilet, please?
- Open/close the door, please!
- Come here!
- Great!, Wonderful!, Fantastic!, Good!, Very Good!, Well done!, Excellent!
- Knock on the (door). Come in!
- Good morning! Good afternoon!
- A glass of (water).
- (Chicken) is very good.
- I like (chicken).
- Here's a (cat)
- This is a happy face.
- The (horse) is happy.
- Touch your hands.
- Happy Halloween/Easter...!
- I'm a (pirate).
- Look at my (coat)!

## METODOLOXÍA

A metodoloxía empregada no proceso de ensino-aprendizaxe da lingua estranxeira (inglés) estará enfocada de xeito que permita desenvolver as distintas destrezas comunicativas de forma integrada, aínda que na etapa de Educación Infantil as destrezas orais serán traballadas e reforzadas en maior grado. Facilitar e favorecer o uso da lingua estranxeira na aula será primordial para reforzar a dimensión comunicativa da lingua inglesa e axudar ao alumnado a consolidar a adquisición de vocabulario básico de uso cotiá e as estruturas lingüísticas en lingua inglesa.

Os procedementos utilizados en base a metodoloxía a levar a cabo terán en consideración os seguintes aspectos:

- Elaboración de propostas de actividades de carácter variado e motivador coas que o alumnado sexa quen de experimentar e participar de situacións reais de comunicación axeitadas a súa idade. Para o deseño e escolla das actividades teranse en conta seus intereses e experiencias para que as aprendizaxes sexan significativas. O material empregado será seleccionado atendendo tamén aos seus intereses e estilos de aprendizaxe (xogos, contos, etc.)
- Utilización de actividades tipo TPR para fixar e reforzar vocabulario traballando comprensión (consistentes en que o/a mestre de instrucións e o alumnado responda de forma non verbal mediante as accións correspondentes).
- Estimulación da autonomía e a confianza do alumnado mediante o desenvolvemento de diversas estratexias de aprendizaxe nun ambiente de traballo colaborativo e positivo.
- Fomento da participación activa na aula con actividades individuais, por pares ou grupo.
- Estimulación da creatividade, a imaxinación e o esforzo persoal.
- Uso de material didáctico variado e material real.

- Uso e aproveitamento máximo da lingua estranxeira na aula, acompañando as palabras de xestos e demostracións, para que resulte máis doado de comprender.
- Uso das novas tecnoloxías para achegar os contidos dun xeito máis atractivo e motivador. A robótica terá presenza durante as sesións en lingua estranxeira á hora de aprender e revisar vocabulario relativo á rutinas e a diferentes unidades de traballo mediante o uso de taboleiros para escornabots, algo que incidirá positivamente no desenvolvemento da competencia dixital do alumnado.

### **ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

A atención á diversidade será posta en marcha mediante actividades de reforzo e ampliación que permitan dar ao alumnado unha atención individualizada, atendendo ás súas necesidades e tendo presente o seu particular ritmo de aprendizaxe. Haberá variedade de niveis de aprendizaxe para posibilitar que cada actividade poida ser tratada con distinto nivel de profundidade para satisfacer as necesidades dos distintos escolares.

No caso do alumnado con maiores dificultades levaranse a cabo adaptacións que poden centrarse nun ou en varios dos seguintes aspectos en función dos seus requerimentos:

- Variación do tempo e ritmo de aprendizaxe.
- Uso dunha metodoloxía máis personalizada.
- Reforzo das técnicas de aprendizaxe..
- Aumento da atención.

### **CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS**

Dende a lingua estranxeira, ao igual que no resto das áreas da educación infantil, contribuirase ao desenvolvemento e adquisición de cada unha competencias establecidas no currículo en distinto modo e grao:

- Competencia en comunicación lingüística: Refírese á utilización da linguaxe como instrumento tanto de comunicación oral e escrita como de

aprendizaxe e de regulación de conductas e emocións. Supón a utilización activa e efectiva tanto de habilidades lingüísticas coma de habilidades non lingüísticas e das regras propias dos intercambios comunicativos en situación variadas para producir textos orais adecuados a distintas situacións de comunicación.

- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía: Habilidade para utilizar números e as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e razonamento matemático para producir e interpretar información, para coñecer máis sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade e para resolver problemas relacionados coa vida diaria. Traballárase mediante a realización de distintas actividades e tarefas de aula en lingua estranxeira que requiran facer uso tanto de números como de cantidades.
- Competencia dixital: Habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar a información e transformala en coñecemento. Abrangue aspectos diferentes que van dende o acceso e selección de información ata o uso e a transmisión desta en distintos soportes, incluíndo a utilización das TIC como un elemento esencial para poder informarse e para levar a cabo unha correcta comunicación.
- Aprender a aprender: Esta competencia conleva iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar de xeito autónomo. Implica poder desenvolverse ante as incertezas tratando de buscar respostas posibles ante un mesmo problema atopando tamén a motivación para buscalas dende diversos enfoques metodolóxicos. Require ser consciente do que se sabe e do que queda por aprender, de como se aprende e de como se xestionan e controlan de forma eficaz os procesos de aprendizaxe para optimizalos segundo as propias capacidades orientándoas ás necesidades persoais. É dicir, coñecer as propias potencialidades e carencias sacando proveito das primeiras e esforzándose para superar as segundas a fin de sentirse seguro ante novos retos de aprendizaxe.
- Competencia social e cívica. Fai referencia á capacidade de vivir en sociedade, comprender a realidade social do mundo en que se vive e exercer a cidadanía democrática. Incorpora formas de comportamento

individual que capacitan ás persoas para convivir nunha sociedade cada vez máis plural, relacionarse cos demais, cooperar, comprometerse e afrontar os conflitos. Supón ser capaz de poñerse no lugar do outro, aceptar as diferenzas, ser tolerante e respectar os valores, as crenzas, as culturas e a historia persoal e colectiva dos outros. Traballárase nas aulas mediante diversas actividades ligadas á educación en valores e que promoven o traballo en equipo, a necesidade de compartir para avanzar, etc

- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Refírese á posibilidade de operar con criterio propio e levar adiante as iniciativas necesarias para desenvolver a opción elixida e facerse responsable tales como a dignidade, a liberdade, a autoestima ou a seguridade nun mesmo.
- Conciencia e expresións culturais. Supón apreciar, comprender e valorar críticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de goce e enriquecemento persoal e consideralas como parte do patrimonio cultural dos pobos. Supón igualmente apreciar a expresión de ideas, experiencias ou sentimentos de forma creativa, a través de diferentes medios e expresión (a música, as artes visuais, as artes escénicas, a linguaxe verbal, a linguaxe corporal, as artes populares, etc.). Traballárase distintos elementos conectados coa cultura de países de fala inglesa durante as sesión de lingua estranxeira (festividades, tradicións, etc.) para promover e facilitar a consecución da devandita competencia por parte do alumnado.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- Identifica e recoñece algunhas palabras do vocabulario traballado (no correspondente curso): numbers, colours, classroom, body, food, animals, clothes, family, shapes, toys, weather, ...
- Amona interese por aprender a lingua estranxeira.
- É quen de saudar e despedirse ao comezo e final da clase.
- Participa activamente nas tarefas propostas.
- Recoñece a grafía dalgunhas palabras.

- Identifica e recoñece as instrucións diarias da clase: come here, stand up,...
- Reproduce as cancións traballadas na clase.

### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A forma de avaliar os progresos do alumnado consistirá en pedir respostas verbais segundo a capacidade de cada un, e observar con detenemento a súa evolución diaria mediante a avaliación continua. En base a esta observación e ao rexistro diario determinarase unha cualificación trimestral baseada nos seguintes criterios:

Tipos de contidos	Elementos avaliados	Puntuación máxima
Actitudes	Goza escoitando	1
	Participa con entusiasmo	1
	Coopera	1
	Manifesta interese	1
Conceptos	Comprende e responde	1
	Sabe pedir as cousas e dá as grazas	1
	Produce o vocabulario e expresións claves	1
Procedementos	Saúda e despídese	1
	Participa oralmente	1
	Escoita con atención	1

### 5. AUDICIÓN E LINGUAXE

Coa Lei orgánica 2/2006 de educación (LOE), introdúcese unha nova concepción das aprendizaxes a través das competencias básicas( que se mantén coa LOMCE). A que está directamente relacionada coa linguaxe é a “competencia en comunicación lingüística”, dita competencia refírese ao “emprego da linguaxe como instrumento tanto de comunicación oral e escrita como de aprendizaxe e de regulación de condutas e emocións”

Estes obxectivos levaranse a cabo a través dun programa de estimulación da linguaxe oral en Educación Infantil (P.E.L.O). Con este taller o que pretendemos é facer unha intervención preventiva e estimuladora. Proponse co fin de acadar un axeitado desenvolvemento da linguaxe a das capacidades cognitivas dos nen@s, aportando os

elementos necesarios para a estimulación de ditos desenvolvementos, así como para a prevención de posibles alteracións lingüísticas.

O que queremos con dito taller é ofrecerlle ós nen@s a atención individualizada a aqueles que o precisen, adecuar as actividades do Taller á programación xeral de centro , ao proxecto de centro e ao que se esté a traballar na aula co titor/a, así como realizar actividades tanto en gran grupo, como en pequeno grupo.

### **Obxectivos**

- Potenciación dos mecanismos básicos da linguaxe: audición, voz e articulación.
- Establecer a adquisición das dimensións da linguaxe: forma, contido e uso.
- Favorecer o desenvolvemento dos procesos de comprensión e produción lingüística.
- Desenvolver as dimensións da linguaxe: forma, contido e uso.

### **Contidos:**

#### **BASES ANATÓMICAS E FUNCIONAIS:**

- Audición.
- Aparello fonador: Respiración, habilidade motora e voz.

#### **DIMENSIÓNS DA LINGUAXE:**

- Forma da linguaxe: Fonoloxía (capacidade articulatória e adquisición do sistema fonolóxico), sintaxe (modos de conexión, análise de formas e estruturas e orde de organización dos enunciados).

- Contido da linguaxe: Significado da frase, relacións de significado entre os seus compoñentes e o léxico.
- Uso da linguaxe: Funcións da comunicación, competencia conversacional e a influencia do contexto.

### **PROCESOS DA LINGUAXE:**

- Comprensión: (decodificación lingüística).
- Producción: Linguaxe espontánea (codificación lingüística).

### **DESENVOLVEMENTO COGNITIVO.**

#### **Actividade:**

Ao igual que no curso anterior, traballárase co Proxecto de Estimulación da linguaxe oral P.E.L.O.

### **XUSTIFICACIÓN TEÓRICA:**

Como xa se explicou anteriormente, o programa de estimulación da linguaxe ten como finalidade o desenvolvemento da linguaxe e a prevención de dificultades. A adquisición e desenvolvemento da linguaxe é quizais a aprendizaxe máis importante que deben realizar os nenos e as nenas nos seus primeiros anos de vida. De como se estimule e progrese esta aprendizaxe dependerán as interaccións sociais que o neno estableza destas, á súa vez, unha maior e mellor estimulación e comprensión do mundo que lle rodea, converténdose aí nun alicerce fundamental da aprendizaxe.

O Programa de Estimulación da Linguaxe Oral (PELO) é o produto filtrado de anos de traballo e implantación do programa en Alcexiras. Este último ten, entre outras novidades, a dispoñibilidade dunha serie de materiais auditivos, visuais e gráficos de todas as actividades propostas. Devanditos materiais foron elaborados polos logopedas do grupo de traballo formado para a ocasión, utilizando os pictogramas elaborados por Sergio Palao para a web ARASAAC, así



como os sons do Banco de Imaxes e Sons do INTEF (instituto Nacional de Tecnología Educativa y de Formación del profesorado). Todas as ilustracións correspondentes ao apartado de FRASES, foron elaboradas por María J. Casares, directora da EEI Gloria Fuertes de Alxeciras.

Xustificación do proxecto:

Consideramos moi importante previr e detectar de forma precoz calquera dificultade no proceso de desenvolvemento da linguaxe, xa que estas poden afectar as fases de ensino e aprendizaxe. Os programas de estimulación da linguaxe oral teñen como obxectivos principais:

- Previr e detectar, precozmente, posibles alteracións ou dificultades na linguaxe do neno e da nena.
- Contribuír ao desenvolvemento da expresión e comprensión que lle corresponden ao neno pola súa idade.
- Mellorar a competencia comunicativa.
- Mediante as actividades propostas no proxecto P.E.L.O. conséguense os obxectivos anteriormente citados dunha forma lúdica para os nenos e de sinxela aplicación para o profesorado.

### **Temporalización:**

Farémolo ao longo de todo o curso escolar (dende outubro ata xuño), que distribuiremos en dúas sesións semanais en cada aula de 50 minutos cada unha.

Metodoloxía:

As actividades propostas para cada sesión son curtas e variadas, o que nos permite manter durante máis tempo a atención dos cativos. As actividades programadas para cada un dos compoñentes da linguaxe están pensadas e estruturadas para que o alumnado entenda a dinámica que se quere desenvolver no xogo da linguaxe.

A metodoloxía que seguiremos no desenvolvemento deste taller basease polos principios fundamentais sinalados a nivel curricular:

- Aprendizaxe funcional e significativo.
- Partindo dos coñecementos previos dos alumn@s.

- Non pasaremos a tarefas mais complexas ata que os nen@s non teñan afianzadas as sinxelas.
- As actividades serán curtas, motivadoras e lúdicas. Propiciaremos a individualidade da aprendizaxe, así como a intergrupala nas sesións colectivas.
- Adaptaremos as actividades a idade do alumnado e características do alumnado.

### **Avaliación:**

Levaremos a cabo a avaliación en tres pasos:

- **Avaliación Inicial:** Os primeiros días faremos esta avaliación mediante: a observación, tanto nas sesións, como nas entradas, saídas, patio e no comedor, ao tempo que escoitamos as valoracións que poidan aportar tanto a familia, como resto do profesorado. Se fose necesario pasamos o rexistro fonolóxico se fose necesario.
- **Avaliación continua:** Farémola ó longo de todas as sesións, co fin de que nos permita facer as modificacións necesarias en: na forma de levar a cabo o taller, así coma nos obxectivos plantexados no caso de observárense que estes non son os axeitados, ou polo contrario fosen alcanzados antes do previsto. De igual maneira, esta avaliación permitiranos comprobar como van evolucionando os nen@s.
- **Avaliación final:** Realizarase ó final do curso, e nela intentaremos valorar o resultado do taller e de como é o estado dos nen@s para o vindeiro curso.

### **Material:**

O material que usaremos para levar a cabo este taller serán:

- Contos para falar e aprender. (Cuentos para a estimulación do lenguaje oral: praxias, ritmo, conceptos básicos, vocabulario, comprensión y

expresión). Colección: narraciones breves para hablar, leer y hacer, de Juan Carlos Arriza Maias, editorial CEPE.

O proxecto P.E.L.O. que nos adxunta as actividades correspondentes para cada quincena. Actividades divididas nos seguintes bloques:

- Praxias.
- Respiración e Sopro.
- Articulación.
- Frases para falar.
- Conciencia Fonolóxica.
- Discriminación auditiva.
- Vocabulario.
- Contos para falar. Do mesmo autor, colección e editorial que o anterior.
- Láminas temáticas.
- Globos, palliñas, velas, matasogras, pomperos, confetís...
- Marionetas, títeres...
- Contos clásicos curtos en CD, DVD...
- Instrumentos musicais.
- Contos en imaxes secuenciais.
- Cintas de discriminación auditiva.
- Lotos.
- Memory.

## **6. MÍNIMOS ESIXIBLES**

Para falar dos mínimos esixibles, debemos referirnos ao Real Decreto 1630/2006, de 29 de decembro, polo que se establecen as ensinanzas mínimas do segundo ciclo de Educación Infantil, e ao Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia. Nembargantes, como estes están redactados en termos moi amplos, podemos concretalos do seguinte xeito, para cada un dos niveis educativos.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN MÍNIMOS PARA O NIVEL DE 4º EI**

### **COÑECEMENTO DE SÍ MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL**

- Coñece as partes do corpo traballadas (cabeza, pernas, brazos, ...)
- Coñece e recoñece as posibilidades do seu corpo en diferentes actividades.
- Amosa unha actitude de naturalidade e espontaneidade ante as diferencias sexuais e raciais, recoñecendo a súa propia identidade sexual.
- Evita actitudes sexistas de xénero-rol.
- Desfruta coas experiencias sensoriais.
- Coida o seu aspecto físico, alimentación e descanso.
- Realiza actividades de motricidade fina e grosa.
- Realiza de forma axeitada as rutinas diarias permitíndolle anticiparse ao que vai suceder.
- Respecta as normas básicas do colexio.
- Ten autonomía en distintas situacións da vida cotiá (aseo, comida, poñerse o abrigo)
- Sente a amizade como un valor positivo para a convivencia.
- Realiza o traballo diario no tempo establecido amosando interese polo mesmo e presentándoo de forma aseada.

### **COÑECEMENTO DO CONTORNO**

- Coñece os membros da escola e da familia.
- Amosa unha actitude dialogante para resolver conflitos que ocorren na aula.
- Coñece algunhas profesións.
- Coñece diferentes medios de comunicación (televisión e teléfono).
- Coñece as estacións do ano e algunhas das súas características (roupa, paisaxe, clima, alimentación).

- Coñece algúns animais.
- Valora a importancia das plantas para a vida.
- Amosa unha actitude de respecto e coidado cara aos seres vivos.
- Coñece a función dalgúns elementos da rúa (semáforo, paso de peóns).
- Elabora obxectos sinxelos empregando materiais de refugallo.
- Participa e valora as tradicións, festas e costumes do seu contorno.
- Desfruta coas actividades desenvolvidas ao aire libre e en contacto coa natureza.
- Valora a importancia da agua na vida do home e a necesidade dun consumo responsable.

## **LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN**

- Emprega a linguaxe oral, axeitado á súa idade, para expresarse e comunicarse en situacións habituais.
- Comprende órdes sinxelas.
- Coñece e emprega o vocabulario das unidades didácticas traballadas.
- Memoriza poesías, cancións, adiviñas, refráns...sinxelos.
- Contesta preguntas sobre imaxes e contos traballados na clase.
- Participa nas situacións comunicativas habituais (asamblea, diálogos, explicacións, ...)
- Mantén a atención en narracións ou explicacións orais curtas.<sup>8</sup>
- Participa e desfruta en dramatizacións comunicativas realizadas sobre textos orais traballados.
- Reproduce algunha canción en galego.
- Realiza correctamente trazos verticais e horizontais.
- Coñece as vogais en maiúsculas.
- Realiza o trazo das vogais en maiúsculas.
- É quen de escribir o su nome en maiúsculas.
- Coida os contos da clase e desfruta con eles.
- Realiza de forma creativa elaboracións plásticas, empreñando diferentes técnicas e materiais.

- Coñece e emprega diferentes utís de traballo (punzón, pinces, ceras) e técnicas plásticas (riscado, picado, pintado).
- Amona interese e desfruta coas expresións plásticas propias e dos demais.
- Diferencia as distintas cualidades do son: intensidade (forte-suave)
- Nomea diferentes instrumentos musicais: pandeiro e triángulo.
- Memoriza e canta cancións sinxelas.
- Interpreta danzas e bailes populares sinxelos.
- Desfruta escoltando diferentes tipos de música (relaxación, clásica, actual,...)
- Recoñece diferentes sons do seu contorno e os relaciona cos temas traballados.
- Coñece algunha canción da tradición cultural galega.
- Coñece as posibilidades expresivas do seu corpo
- .Imita accións da vida cotiá e animais.
- Ten interese e desfruta en actividades de expresión corporal. 28.Coñece conceptos matemáticos:
  - Forma xeométrica (círculo, cuadrado, triángulo)
  - Medida do espazo (grande-pequeno, alto-baixo)
  - Orientación espacial (encima-debaixo, dentro-fora)
  - Cantidade (moito-pouco)
  - Números (1,2,3)
  - Medida do tempo (noite-día, mañá-tarde)
  - Realiza series con dous elementos.
  - Agrupa e clasifica elementos atendendo a unha variable (forma, cor o tamaño)
  - Realiza o trazo dos números 1,2,3.
- Asocia a grafía dos números traballados coa cantidade. 33.Ten interese e desfruta das actividades en lingua inglesa.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN MÍNIMOS PARA O NIVEL DE 5º EI**

### **COÑECEMENTO DE SÍ MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL**

- Coñece as partes do corpo traballadas (cara, tronco e extremidades)  
Coñece as posibilidades do seu corpo en diferentes situacións.
- Amosa unha actitude de naturalidade e espontaneidade ante as diferencias sexuais e raciais, recoñecendo a súa propia identidade sexual.
- Evita actitudes de xénero-rol.
- Desfruta coas experiencias sensoriais.
- Coñece os cinco sentidos.
- Coida o seu aspecto físico, alimentación, hixiene e descanso.
- Realiza actividades de motricidade fina e grosa.
- Realiza de forma axeitada as rutinas diarias permitíndolle anticiparse ao que vai suceder.
- Respecta as normas básicas do colexio.
- Ten autonomía nas distintas situacións da vida cotiá (aseo, comida, poñerse o abrigo) .
- Percibe a amizade como un valor positivo para a convivencia.
- Realiza o traballo diario no tempo establecido amosando interese polo mesmo e presentándoo de forma aseada.

### **COÑECEMENTO DO CONTORNO**

- Coñece as funcións e ocupacións dos principais grupos sociais (escola e familia).
- Amosa unha actitude dialogante para resolver conflitos que ocorren na aula.
- Identifica diferentes profesións.
- Coñece diferentes medios de comunicación (televisión, periódico e teléfono)

- Coñece as estacións do ano e algunhas das súas características (roupa, paisaxe, clima, alimentación)
- Identifica algúns animais e os relaciona co seu habitat.
- Identifica a orixe dalgúns alimentos: animal ou vexetal.
- Nomea as partes dunha planta (talo, follas e froes).
- Aмосa unha actitude de respecto e coidado cara os seres vivos.
- Coñece a función dalgúns elementos da rúa (semáforo, paso de peóns, acera e calzada).
- Nomea algúns medios de transporte e clasifícaos (aéreos, terrestres o marinos).
- Elabora obxectos sinxelos empregando materiais de refugallo.
- Participa e valora as tradicións, festas e costumes do seu contorno.
- Desfruta coas actividades desenvolvidas ao aire libre e en contacto coa natureza.
- Valora a importancia da auga na vida do home e a necesidade dun consumo responsable.

### **LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN**

- Emprega a linguaxe oral, axeitado a súa idade, para expresarse e comunicarse en distintas situacións.
- Comprende varias órdenes e é quen de realizalas.
- Coñece e emprega o vocabulario básico das unidades didácticas traballadas. 4.Memoriza poesías, cancións, adiviñas, refráns...
- Contesta preguntas sobre imaxes e textos orais da tradición cultural (contos traballados na clase).
- escoita e participa nas situacións comunicativas habituais (asamblea, diálogos, explicacións...).
- Participa e desfruta en dramatizacións comunicativas realizadas sobre textos orais traballados.
- Reproduce algunhas cancións en galego.
- Realiza correctamente os trazos: vertical, horizontal, oblicuo e circular.



- Coñece as letras do abecedario en maiúsculas e as vogais en minúsculas.
- Realiza o trazo das letras do abecedario en maiúsculas e das vogais en minúsculas.
- Reproduce algunhas palabras sinxelas coas letras maiúsculas traballadas.
- Coida e respecta os contos e valora a linguaxe escrita como fonte de información.
- Realiza de forma creativa elaboracións plásticas, empregando diferentes técnicas e materiais.
- Coñece e emprega diferentes utis de traballo, de forma correcta (punzón, pinceis, ceras e rotuladores) e técnicas plásticas (rasgado, picado, pintado, modelado).
- Aмосa interese e desfruta coas expresións plásticas propias e dos demáis.
- Diferencia as distintas cualidades do son: duración e intensidade.
- Coñece diferentes instrumentos musicais: pandeiro, triángulo, maracas, pandeireta e caixa chinesa.
- Canta e memoriza as cancións traballadas: letra e xestos.
- Interpreta bailes e danzas populares.
- Aмосa unha actitude relaxada durante audicións musicais.
- Recoñece diferentes sons relacionados cos temas traballados na aula.
- Coñece algunha canción da tradición cultural galega.
- Coñece as posibilidades expresivas do seu corpo.
- Imita accións da vida cotiá, personaxes e animais.
- Ten interese e desfruta en actividades de expresión corporal.
- Coñece conceptos matemáticos:
  - Forma xeométrica (círculo, cadrado, triángulo, rectángulo).
  - Medida do espacio (grande/pequeno, alto/baixo, longo/curto, ancho/estreito)
    - Orientación espacial (encima-debaixo, dentro-fora, delante-detrás, arriba-abaxo)

- Cantidade (moito-pouco, algún-ningún)
- Números (1,2,3,4,5)
- Medida do tempo (noite-día, mañá-tarde, días da semana, agora-despois, estacións do ano)
- Realiza series con dous elementos.
- Agrupa e clasifica elementos atendendo a dous variables (forma e/ou tamaño e/ou cor).
- Realiza o trazo dos números 1,2,3,4,5.
- Asocia a grafía dos números traballados e a cantidade.
- Ten interese e desfruta das actividades en lingua inglesa.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN MÍNIMOS PARA O NIVEL DE 6º EI**

### **COÑECEMENTO DE SÍ MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL**

- Coñece todas as partes do corpo.
- Coñece as posibilidades dos eu corpo en diferentes situacións.
- Amosa unha actitude de naturalidade e espontaneidade ante as diferencias sexuais e raciais, recoñecendo a súa propia identidade sexual.
- Evita actitudes de xénero-rol.
- Coñece os cinco sentidos, identificando os seus órganos e funcións.
- Coida o seu aspecto físico, alimentación, hixiene e descanso.
- Ten unha coordinación óculo-manual e unha habilidade motriz fina axeitada para escribir, recortar, picar e debuxar.
- Realiza as actividades e tarefas de clase de forma autónoma.
- Respecta as normas básicas do colexio.
- Sente a amizade como un valor positivo para a convivencia
- Realiza o traballo diario no tempo establecido amosando interese polo mesmo e presentándoo de forma aseada.

## COÑECEMENTO DO MEDIO

- Coñece as funcións e ocupacións dos principais grupos sociais (escola e familia).
- Aмосa unha actitude dialogante para resolver conflitos que xorden na aula.
- Identifica as profesións e relacionaas coas tarefas propias de cada unha delas
- Coñece diferentes medios de comunicación (televisión, periódico, teléfono e internet).
- Clasifica roupa, alimentos, fenómenos atmosféricos, paisaxe, segundo a estación do ano á que pertencen.
- Nomea animais salvaxes-domésticos e relacionaos co medio no que viven.
- Identifica a orixe dalgúns alimentos: animal e vexetal.
- Nomea as partes dunha planta (raíz, talo, follas e froes).
- .Aмосa unha actitude de respecto e coidado cara os seres vivos.
- Coñece a función dalgúns elementos da rúa (semáforo, paso de peóns, acera, calzada, policía y algunhas señais de tráfico).
- Nomea algúns medios de transporte e clasifícaos segundo sexan de auga, terra ou aire.
- Elabora obxectos sinxelos empregando materiais de refugallo.
- Participa e valora as tradicións, festas e costumes do seu contorno.
- Desfruta coas actividades desenvolvidas ao aire libre e en contacto coa natureza.
- Valora a importancia da auga na vida do home e a necesidade do seu consumo responsable.

## LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

- Emprega a linguaxe oral en distintas situacións de comunicación de forma coherente, ben estruturado e con unha pronuncia axeitada á súa idade.
- Comprende textos narrados e é quen de responder a preguntas sobre eles.
- Coñece e emprega o vocabulario básico das unidades didácticas traballadas.
- Coñece e memoriza textos orais da tradición cultural (contos, poesías, cancións, adiviñas,... ).
- escoita e participa nas situacións comunicativas habituais (asamblea, diálogos, explicacións, ... ).
- Coñece vocabulario en galego: cores básicos, días da semana... e reproduce algunhas cancións.
- Realiza correctamente os trazos: bucles, festóns, enlaces e as súas combinacións.
- Coñece as vogais e iniciouse no coñecemento das consoantes: m, p, l, t, s, n, d, en minúsculas.
- Iniciouse no trazo das vogais e consoantes: m, p, l, t, s, n, d, en minúsculas.
- Escribe algunha palabra sinxela coas letras traballadas.
- Le algunha palabra sinxela coas letras traballadas. 12Respecta e valora os libros como fonte de información.
- Realiza de forma creativa elaboracións plásticas, empregando diferentes técnicas e materiais.
- Coñece e emprega de forma correcta diferentes utis de traballo (tesoira, pincel, rotuladores, ceras, lapis...) e técnicas plásticas (recortado, collage e pintado)
- Aмосa interese e disfruta coas expresións plásticas propias e dos demais.
- Diferencia as distintas cualidades do son: duración, intensidade, timbre e altura.

- Coñece diferentes instrumentos musicais: pandeiro, triángulo, maracas, pandeireta, caixa chinesa, claves, crócalos e xilófono.
- Memoriza e canta cancións traballadas empregando xestos e movementos axeitados á música e letra, cunha entoación apropiada. Adecua os movementos do corpo a diferentes tipos de música: bailes tradicionais, danzas sinxelas e bailes de moda.
- Mantén a atención e desfruta durante as audicións musicais.
- Recoñece diferentes sons do seu contorno e os relacionados cos temas traballados na aula.
- Coñece algunha canción da tradición cultural galega.
- Coñece as posibilidades expresivas do seu corpo.
- Imita situacións, personaxes e animais.
- Ten interese e desfruta en actividades de expresión corporal.
- Coñece conceptos matemáticos:
  - Forma xeométrica (círculo, cadrado, triángulo, rectángulo e rombo)
  - Medida do espacio (grande-pequeno, alto-baixo, longo-curto, anchoestreito, gordo- fraco)
  - Orientación espacial (encima-debaixo, dentro-fora, diante-detrás, arriba-abaixo, a un lado-outo lado, aberto-pechado)
  - Números (1,2,3,4,5,6,7,8,9)
  - Cantidade (moito-pouco, algún-ningún, todo-nada, máis que-menos que igual que)
  - Medida do tempo (noite-día, mañá-tarde, días da semana, agora-despois, estacións do ano, antes-ahora-despois)
- Realiza series con tres elementos.
- Agrupa e clasifica elementos atendendo a tres variables (forma, tamaño e cor).
- Realiza o trazo dos números 1,2,3,4,5,6,7,8,9.
- Asocia a grafía dos números traballados e a cantidade.
- Realiza composicións e descomposicións dos números traballados empregando as regrestas.
- Recoñece vocabulario básico e algunha canción en lingua inglesa.

## **7. CONTRIBUCIÓN DAS COMPETENCIAS BÁSICAS PARA CADA UN DOS NIVEIS DE EDUCACIÓN INFANTIL.**

Esta Programación Didáctica, organizada por niveis educativos, incorpora o tratamento das Competencias Básicas que o alumnado desta etapa debe acadar ao rematar. O feito de ter en conta estas competencias básicas, supón incorporar ao currículo certas aprendizaxes, consideradas de gran importancia para a vida en sociedade e o desenvolvemento persoal do alumnado.

O Ministerio de Educación, Política Social e Deporte, ao igual que a Unión Europea, identifica oito competencias básicas:

- Competencia en comunicación lingüística.
- Competencia matemática.
- Competencia no coñecemento e interacción con el mundo físico.
- Tratamento de la información e competencia dixital.
- Competencia social e cidadá.
- Competencia cultural e artística.
- Competencia para aprender a aprender.
- Autonomía e iniciativa persoal.

Os contidos desta Programación Didáctica no Nivel de 3 anos, relacionados con ditas competencias, quedan organizados como segue:

### **4º EDUCACIÓN INFANTIL**

#### **Contidos que desenvolven a COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA**

- Utilización e valoración progresiva da Lingua Oral para relatar feitos e comunicar ideas e sentimentos.
- Uso progresivo de léxico preciso e variado.
- escoita e comprensión de contos, poemas, adiviñas e retahílas.
- Aproximación á Lingua Escrita: palabra, imaxes, pictogramas, frases. Realización de grafos.

- Utilización da Biblioteca con respecto e coidado.
- Descubrimento e experimentación de xestos e movementos como recursos corporais de expresión.
- Participación en actividades de dramatización, danza e xogo simbólico.
- Comprensión dalgunhas palabras e expresións na lingua estranxeira relacionadas con situacións cotiás sinxelas e habituais.

### **Contidos que desenvolven a COMPETENCIA MATEMÁTICA**

- Os obxectos e materiais presentes no contorno. Percepción e identificación das súas cualidades.
- Situación de sí mesmo e dos obxectos no espazo: «dentro-fóra», «arriba-abaixo», «enriba-debaixo», «preto-lonxe».
- Relacións de orde, seriacións, clasificacións, secuencias temporais, crebacabezas.
- Interese pola exploración de obxectos de forma plana (cadrado, círculo, triángulo, rectángulo).
- Aproximación á cuantificación de coleccións, empregando o conteo como estratexia.
- Aproximación á serie numérica e ás súas grafías.

### **Contidos que desenvolven a COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E INTERACCIÓN CO MUNDO FÍSICO**

- Identificación de elementos naturais: auga, sol, plantas, terra e as súas consecuencias.
- Observación, recoñecemento e valoración dalgunhas características e cambios nos seres vivos: as estacións, o ciclo vital, etc.
- Observación do tempo atmosférico, os seus cambios e consecuencias.

- Curiosidade, coidado e respecto cara os animais e as plantas e interese e gusto controlado nasúa relación con eles. Alimentos de orixe vexetal e animal.
- Observación de necesidades, ocupacións e servizos na vida da comunidade. Coñecer e valorar distintas profesións.
- Incorporación progresiva de pautas axeitadas de comportamento: compartir, resolver conflitos mediante o diálogo, relación equilibrada entre nenos e nenas.

### **Contidos que desenvolven o TRATAMENTO DA INFORMACIÓN E COMPETENCIA DIXITAL**

- Iniciación no coñecemento e uso de instrumentos tecnolóxicos comúns como elementos de comunicación.
- Concienciación progresiva da necesidade do uso moderado dos medios audiovisuais e das Tecnoloxías da Información e da Comunicación.

### **Contidos que desenvolven a COMPETENCIA SOCIAL**

- A familia: Composición da propia e relacións de parentesco.
- Respetto ás normas familiares. Actividades en familia.
- Tarefas dos membros da familia. Responsabilidade en tarefas sinxelas da casa.
- O colexio: Nenos e adultos. Os docentes e outros membros da Comunidade Educativa.
- Identificación dos espazos habituais no colexio: a clase, os servizos, o patio, etc, e as actividades que se realizan neles.
- Establecemento de relacións equilibradas entre nenos e nenas.
- Comportamentos axeitados e non axeitados na rúa.
- Coñecemento e respecto ás normas de convivencia familiar, escolar e normas básicas de circulación vial.



- Hábitos elementais de organización, constancia, atención, observación e esforzo.
- Habilidades para a colaboración, interacción e actitude positiva para establecer relacións de afecto e amizade.
- Valoración e respecto cara as profesións relacionadas cos servizos á comunidade.
- Participación activa e interesada en actividades sociais, culturais e costumes da localidade: Entroido, Nadal, Magosto, Samaín, Día do Libro, Día da Paz, etc.

### **Contidos que desenvolven a COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA**

- Experimentación e descubrimento das cores primarias e secundarias.
- Interpretación e valoración dalgunhas obras de arte.
- Realización de obras plásticas: láminas, obradoiros, debuxo libre... con diferentes materiais e técnicas.
- Recoñecemento de sons do contorno natural e social e de instrumentos musicais.
- Audición interesada de obras musicais. Identificación de contrastes básicos.
- Interpretación de cantigas.
- Descubrimento e experimentación de xestos e movementos como recursos corporais de expresión.
- Participación en actividades de dramatización, danza e xogo simbólico.
- Recoñecemento dalgúns sinais de identidade cultural do contorno, participando con interese en actividades sociais e culturais.

### **Contidos que desenvolven a COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER**

- Hábitos elementais de organización, constancia, atención, observación e esforzo.

- Habilidades para a colaboración, interacción e actitude positiva para establecer relacións de afecto e amizade.
- Nocións básicas de orientación en espazos e labirintos.
- Exploración e valoración das posibilidades perceptivas motrices e expresivas propias e dos outros.
- Psicomotricidade: actividade motriz. Xogos con obxectos. Circuitos. Relaxación.
- Control postural: o corpo e o movemento. Grafomotricidade.
- Comprensión, valoración e aceptación de regras para xogar.
- As actividades da vida cotiá. Iniciativa e progresiva autonomía na súa realización.
- Satisfacción pola realización de tarefas e a súa valoración

## **5º EDUCACIÓN INFANTIL**

### **Contidos que desenvolven a COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA**

- Utilización e valoración progresiva da lingua oral para evocar e relatar feitos reais ou fantásticos, para expresar e comunicar ideas ou sentimentos.
- Utilización axeitada das normas que rexen o intercambio lingüístico.
- Uso progresivo do vocabulario de forma comprensiva e con pronunciación clara e correcta.
- Aproximación ao uso da lingua escrita: discriminación de palabras, imaxes e pictogramas e interpretación das mesmas formando frases. Realización de diferentes trazos, respectando a direccionalidade correcta.
- Uso gradualmente autónomo de diferentes soportes da lingua escrita.
- Comprensión da idea global dalgúns contos populares e outros, identificando e nomeando aos protagonistas e a algún outro personaxe dos mesmos.

- Comprensión dalgúns poemas, trabalinguas e adiviñas. Reprodución oral dalgún fragmento de eles.
- Descubrimento e experimentación de xestos e movementos como recursos corporais para a expresión e a comunicación. Participación en actividades de dramatización, danzas, xogo simbólico e outros xogos de expresión corporal.
- Comprensión dalgunhas palabras e expresións en lingua estranxeira relacionadas con situacións cotiás sinxelas e habituais.

### **Contidos que desenvolven a COMPETENCIA MATEMÁTICA**

- Situación dos obxectos no espazo e no tempo («diante-atrás», «antes-despois», «xuntos-separados», «primeiro-último», «a través»).
- Resolución de situacións problemáticas: sumas (signos máis e igual).
- Interese pola exploración de obxectos do contorno para identificar tamaños.
- Formas planas: círculo, cadrado, triángulo, rectángulo, óvalo.
- Percepción e identificación de atributos e cualidades de obxectos («alto-baixo», «encollido-estirado», «ancho-estreito», «liso-rugoso», «grande-mediano-pequeno»), relacionándoos entre si.
- Clasificacións, seriacións, resolución de crebacabezas.
- Ubicación temporal de actividades da vida cotiá: secuencia temporal.
- Aproximación á cuantificación de coleccións: «moitos-ningún», «cheo-baleiro», «metade», «hai igual», «tantos como», «máis-menos». Utilización do conteo como estratexia de estimación e uso dos cardinais.
- Correspondencias entre coleccións.
- Aproximación á serie numérica e á súa grafía e a súa utilidade oral para contar. Concienciación da súa funcionalidade na vida diaria.

### **Contidos que desenvolven a COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E INTERACCIÓN CO MUNDO FÍSICO**

- Curiosidade, coidado, respecto e valoración positiva dos elementos do medio natural.
- Observación de fenómenos do medio natural e formulación de conxeturas sobre as súas causas e consecuencias: as estacións. Comparación das súas características.
- Cambios na vida das plantas, persoas e animais. Ciclo vital das plantas e animais.
- Elementos da Natureza (auga, terra, aire) e a súa influencia na vida dos seres vivos.
- Observación dos cambios do tempo e o seu reflexo no calendario de clase.
- Identificar os primeiros grupos sociais de pertenza. Valorar o traballo e os servizos dalgúns profesionais.
- Mostrar interese e disposición favorable para establecer relacións respectuosas, afectivas e recíprocas con nenos e nenas da mesma cultura e doutras culturas diferentes.
- Incorporación progresiva de pautas axeitadas de comportamento.

## **Contidos que desenvolven o TRATAMENTO DA INFORMACIÓN E COMPETENCIA DIXITAL**

- Concienciación progresiva do uso moderado e valoración dos medios audiovisuais e das Tecnoloxías da Información e da Comunicación.
- Iniciación no coñecemento e valoración da utilidade dalgúns deles, intentando comprender o seu funcionamento de forma elemental.

## **Contidos que desenvolven a COMPETENCIA SOCIAL**

- A familia: Composición da propia e relacións de parentesco.
- Respecto ás normas familiares. Actividades en familia.
- Tarefas dos membros da familia. Responsabilidade en tarefas sinxelas da casa.

- Colexio: Nenos e adultos. Os docentes e outros membros da Comunidade Educativa.
- Identificación dos espazos habituais no colexio: a clase, os servizos, o patio, etc, e as actividades que se realizan neles.
- Establecemento de relacións equilibradas entre nenos e nenas.
- Comportamentos axeitados e non axeitados na rúa.
- Coñecemento e respecto ás normas de convivencia familiar, escolar e normas básicas de circulación vial.
- Hábitos elementais de organización, constancia, atención, observación e esforzo.
- Habilidades para a colaboración, interacción e actitude positiva para establecer relacións de afecto e amizade.
- Valoración e respecto cara as profesións relacionadas cos servizos á comunidade.
- Participación activa e interesada en actividades sociais, culturais e costumes da localidade: Entroido, Nadal, Magosto, Samaín, Día do Libro, Día da Paz, etc.
- Habilidades para a interacción e colaboración de forma afectuosa: axuda, solidaridade, colaboración, cooperación, amizade, amor.

### **Contidos que desenvolven a COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA**

- Experimentación, manipulación e descubrimento dalgúns elementos plásticos e diferentes cores.
- Interpretación e valoración de obras de arte de diferentes autores.
- Expresión e comunicación de feitos, emocións e fantasías a través de debuxos e outras producións, utilizando diferentes técnicas e materiais.
- Recoñecemento de sons do contorno, identificando a súa procedencia.
- Exploración e recoñecemento das posibilidades sonoras dalgúns instrumentos musicais.
- Audición interesada de obras musicais, identificando os seus ritmos.

- Participación e disfrute na interpretación de cantigas, xogos musicais e danzas.
- Descubrimento e experimentación de xestos e movementos como recursos corporais para a expresión e a comunicación.
- Participación en actividades de dramatización, danzas, xogo simbólico e outros xogos de expresión corporal.
- Recoñecemento dalgúns sinais de identidade cultural do contorno, participando con interese en actividades sociais e culturais.

### **Contidos que desenvolven a COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER**

- Hábitos elementais de observación, atención, interese e esforzo. Valoración do traballo ben feito por un mesmo e polos outros.
- Control postural, nocións básicas de coordinación de movemento e de orientación. O corpo e o movemento.
- Grafomotricidade e a súa realización, traxectorias e labirintos.
- Exploración e valoración das posibilidades e limitacións perceptivas, motrices e expresivas propias e dos outros.
- Psicomotricidade: actividade motriz, xogo con obxectos, circuito, relaxación.
- A actividade da vida cotiá. Iniciativa e progresiva autonomía na súa realización.
- Regulación dos comportamentos propios: esperar o turno, escoitar aos outros, etc.

### **Contidos que desenvolven a COMPETENCIA DE AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL**

- Exploración do propio corpo. Lateralidade: lados dereito e esquerdo.
- Esquema corporal. Identificación e valoración progresiva das características propias e dos outros.

- Identidade sexual.
- Identificación e utilización dos sentidos: sensacións e percepcións. Discriminación auditiva e visual.
- Identificación, expresión e valoración de sentimentos propios e alleos: alegría, tristeza, enfado, medo, valentía, autocontrol, autoestima, empatía, heterocentrismo, tolerancia, afrontar a intolerancia.
- Práctica de hábitos saudables: hixiene corporal, alimentación (inxesta de alimentos variados), descanso axeitado, respectando os horarios de sono e vixilia.
- Colaboración no mantemento da orde e da limpeza nos elementos do contorno.
- Coñecemento e valoración dalgúns factores de risco.
- Petición e aceptación de axuda en situacións que o requiran. Valorala.
- Hábitos elementais de observación, atención, interese e esforzo. Valoración do traballo ben feito por un mesmo e polos outros.
- A actividade da vida cotiá. Iniciativa e progresiva autonomía na súa realización.
- Regulación dos comportamentos propios: esperar o turno, escoitar aos outros, etc.
- Exploración do propio corpo: esquema corporal.
- Sensacións e percepcións.
- Identificación e manifestación de sentimentos propios e dos outros.
- A autoestima: identificación e valoración de características persoais.
- Lateralidade: estimulación sensorial.
- Práctica de hábitos saudables: hixiene corporal, alimentación completa, descanso.
- Utilización axeitada de espazos, elementos e obxectos.
- Valoración da actitude de axuda de outras persoas.
- As actividades da vida cotiá. Iniciativa e progresiva autonomía na súa realización.
- Hábitos elementais de organización, constancia, atención, observación e esforzo.

- Habilidades para a colaboración, interacción e actitude positiva para establecer relacións de afecto e amizade.
- Satisfacción pola realización de tarefas e a súa valoración.

## **6º EDUCACIÓN INFANTIL**

### **Contidos que desenvolven a COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA**

- Utilización da lingua oral para comunicar e expresar ideas, pensamentos e desexos.
- Utilización axeitada das normas que rexen o intercambio lingüístico. Respetar a quenda de palabra, escoitar con atención e respecto. Uso do léxico preciso e variado. Estructuración gramatical correcta. Entoación e pronunciación clara.
- Interese pola análise dos aspectos fónicos das palabras. Segmentación de palabras en sílabas.
- Aproximación ao uso da lingua escrita.
- Utilización da biblioteca con respecto e coidado.
- Textos de tradición literaria: poemas, adiviñas, trabalinguas, refráns, contos populares e inventados. Utilización de xestos e movementos corporais para a expresión e a comunicación.
- Representación de personaxes, feitos e situacións cotiás.
- Participación e disfrute en actividades de dramatización, xogo simbólico e outros xogos de expresión corporal.
- Comprensión dalgunhas palabras e expresións en lingua estranxeira relacionadas con situacións cotiás sinxelas e habituais.

### **Contidos que desenvolven a COMPETENCIA MATEMÁTICA**

- Propiedades de obxectos e materiais presentes no contorno.



- Situación de sí mesmo e de obxectos no espazo: «entre», «antes de- despois de». Propiedades de obxectos: «aberto-pechado», «rápido- lento», «pesado-lixeiro». Composición de crebacabezas.
- Formas planas: cadrado, rectángulo, rombo, óvalo e corpos xeométricos: cono, esfera.
- Clasificación. Ordeación. Seriacións.
- Cuantificadores: «hai máis-hai menos», «metade», «igual que».
- Nocións básicas temporais: «onte, hoxe, mañá». «Mañá, tarde, noite». «Antes- despois». Ordenación temporal: historietas.
- Produto cartesiano.
- Conteo. A serie numérica ata o 10. Cantidade e grafía.
- Composición e descomposición de números. A funcionalidade dos números. Regretas. Os números ordinais. Primeiro e último.
- Situacións problemáticas: suma e resta.
- Medida do tempo: o calendario e o rexistro da data. Os días da semana. Ubicación temporal de actividades cotiás.

### **Contidos que desenvolven a COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E INTERACCIÓN CO MUNDO FÍSICO**

- As estacións do ano e as súas características.
- As vacacións. A area, a auga, e o sol: características, conservación e protección.
- A auga e os seus estados.
- Plantas aromáticas e a súa utilidade. Ciclo vital das plantas.
- Animais en distinto hábitat. Animais de axuda e compañía, herbívoros e carnívoros. Curiosidade e respecto cara aos animais.
- Conservación e protección da Natureza.
- Disfrute en actividades ao aire libre.
- Observación do tempo atmosférico, as súas consecuencias e o reflexo no calendario.
- Feitos relevantes: «Día Mundial do Medio Ambiente», 5 de xuño.

## **Contidos que desenvolven o TRATAMENTO DA INFORMACIÓN E COMPETENCIA DIXITAL**

- Iniciación no uso moderado dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da Información e Comunicación.
- Aplicación do vocabulario específico. Acercamento a producións audiovisuais e valoración dos seus contidos.

## **Contidos que desenvolven a COMPETENCIA SOCIAL**

- A familia e o centro escolar como primeiros grupos sociais.
- A rúa. Observación de necesidades, ocupacións e servizos na vida da comunidade: as profesións.
- Habilidades sociais: saudar, despedirse, pedir as cousas por favor, dar as grazas.
- Hábitos elementais de organización, atención, iniciativa, esforzo, observación.
- Habilidades para a interacción e a colaboración: axuda, gratitude, xenerosidade, amizade e compañerismo.
- Incorporación de pautas axeitadas de comportamento: compartir, axudar, resolver conflitos mediante o diálogo.
- Interculturalidade: interese e disposición favorable para entablar relacións respectuosas, afectivas e recíprocas con nenos e nenas de outras culturas.
- Recoñecemento das sinais de identidade cultural do contorno e interese por participar delas: «Día Universal da Infancia», «Día da Paz», «Entroido», «Día do Libro», «Día da Nai»..

## **Contidos que desenvolven a COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA**

- Experimentación e descubrimento dalgúns elementos que configuran a linguaxe plástica (liña, cor, textura, forma, espazo, etc.).
- Identificación das tonalidades: claro e escuro das cores.
- Obras de arte: observación, interpretación e desfrute.
- Expresión e comunicación de feitos e emocións a través de producións plásticas, utilizando técnicas e materiais diversos.
- Exploración das posibilidades sonoras da voz, do propio corpo, de obxectos cotiás e de instrumentos musicais.
- Discriminación de sons e os seus contrastes.
- timbre dos instrumentos.
- Participación activa e desfrute na interpretación de cantigas, xogos musicais e danzas.
- Audición interesada de obras musicais.
- Utilización de xestos e movementos corporais para a expresión e a comunicación.
- Representación de personaxes, feitos e situacións cotiás.
- Participación e desfrute en actividades de dramatización, xogo simbólico e outros xogos de expresión corporal.

## **Contidos que desenvolve a COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER**

- Gusto polo xogo. Coñecemento, comprensión e aceptación das regras de xogo.
- Participación e confianza nas propias posibilidades.
- Progresivo control do tono, equilibrio e respiración.
- Psicomotricidade: actividade motriz, xogo con obxectos, circuito e relaxación.
- Deportes e xogos de auga. Nocións básicas de orientación e coordinación de movementos. Labirintos e a súa resolución.

- Realización de actividades grafomotrices.
- Normas que regulan a vida cotiá.
- Hábitos elementais de organización, atención, iniciativa, esforzo, observación.
- Valoración e gusto polo traballo ben feito por un mesmo e polos demais.
- Habilidades para a interacción e a colaboración: axuda, gratitude, xenerosidade, amizade, compañerismo.

### **Contidos que desenvolven a COMPETENCIA EN AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL**

- Corpo humano: exploración. O esquema corporal: ubicación e representación. Os sentidos: sensacións e percepcións. Lateralidade «dereita-esquerda».
- Percepción dos cambios físicos propios e da súa relación co paso do tempo.
- Identificación, expresión e denominación de emocións e sentimentos, propios e alleos e o seu control progresivo.
- Formación dunha imaxe positiva de sí mesmo a través da interacción cos outros, identificando as características propias.
- Valoración positiva e respecto polas diferenzas, evitando actitudes discriminatorias.
- As actividades da vida cotiá.
- Iniciativa e progresiva autonomía.
- Normas que regulan a vida cotiá. Hábitos elementais de organización, atención, iniciativa, esforzo, observación.
- Valoración e gusto polo traballo ben feito por un mesmo e polos demais.
- Habilidades para a interacción e a colaboración: axuda, gratitude, xenerosidade, amizade, compañerismo.
- Práctica de hábitos saudables de hixiene corporal, alimentación, vestido, descanso e aceptación das normas de comportamento establecidas.
- A saúde e e enfermidade. Prevención de accidentes.

- Petición e aceptación de axuda en situacións que o requiran e a súa valoración.
- Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados. Valoración axustada dos factores de risco.
- Identificación e valoración crítica ante factores e prácticas sociais cotiás que favorecen ou non a saúde.

## 8. METODOLOXÍA

Á hora de planificar esta programación de aula foi preciso ter en conta as características psicoevolutivas dos nenos e nenas aos que vai dirixida, así como tamén a realidade física e social que nos rodea.

Segundo Piaget o neno e a nena desta idade atópase no período preoperatorio, dentro do cal sería un momento de transición entre o período do pensamento simbólico e preconceptual e o período do pensamento intuitivo.

Deste xeito hai certas características da súa personalidade que debemos ter en conta: centración, irreversibilidade, xustaposición, egocentrismo, sincretismo, animismo, realismo, artificialismo, heteronomía moral, ausencia de equilibrio estable e razonamento trasductivo.

Así a metodoloxía educativa estará baseada nas experiencias, as actividades e o xogo nun ambiente de afecto e confianza.

A corrente pedagóxica subxacente desta programación é o constructivismo, que sostén que o alumno/a é o propio artífice do seu coñecemento, polo que se terán en conta os seguintes principios: p. de descubrimento, p. de flexibilidade, p. de actividade, p. de individualización, p. de socialización, p. de motivación e p. de globalización (debido ao pensamento sincrético da nena/o, é dicir, que percibe de forma global.)

Outros paradigmas que se tiveron en conta foron: O cognitivismo de Piaget, a aprendizaxe por descubrimento de Bruner, a aprendizaxe significativa de Ausubel, o paradigma ecolóxico de Fenerstein e o constructivismo de Vigotski.

En todos estes paradigmas pártese do seguinte:

- O punto de partida será sempre o nivel de desenvolvemento do alumnado.
- Contribuír ao desenvolvemento da capacidade de aprender a aprender.
- Identificar os esquemas de coñecemento que o alumnado posúe e actuar en consecuencia.
- Promover unha intensa actividade por parte do alumnado.
- Asegurar a construción de aprendizaxes significativas. Para isto:
  - O novo coñecemento terá que conectar coas súas ideas previas.
  - Os datos e conceptos que compoñen o material de aprendizaxe teñen que amosar unha actitude lóxica nas súas relacións.
  - Os coñecementos aprendidos teñen que ser funcionais é dicir, que poidan ser empregados.
  - O alumnado ten que estar motivado.

A sociedade actualmente depende en gran medida das novas tecnoloxías informáticas; así, o sistema educativo debe integralas nas súas ensinanzas desde idades moi temperás. O ordenador é un medio que enriquece o contexto de aprendizaxe dos nenos e das nenas xa que fai que o proceso de ensinanza sexa máis motivador. Así mesmo, posibilita a aprendizaxe por descubrimento, favorece o traballo en grupo, o desenvolvemento da curiosidade e, ademais, a realidade virtual que proporciona o ordenador potencia a capacidade de abstracción. Contamos nas aulas con recantos de informática con ordenadores con conexión á rede e con pizarras dixitais, polo que se lle sacará o maior aproveitamento posible. Este curso, a maiores, contamos con dous robots e unha tablet.

Por outra banda, para a organización do espazo e o tempo hai que ter en conta tamén as necesidades da nena/o: movemento, hixiene, afecto e alimento. É por este motivo que a aula está organizada por recantos, xa que axuda a respetar estas necesidades así como a respetar os principios antes mencionados.

Terase moi en conta a participación das familias: precísase dunha planificación e articulación de fórmulas e procedementos para acadar unha eficaz coordinación pedagóxica coas familias para conseguir os obxectivos educativos previstos para os seus fillos e fillas.

Tendo en conta todo o exposto, considérase axeitado traballar por proxectos.

## 9. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Referímonos neste apartado aos nenos e ás nenas que proceden doutros países e doutras culturas, aos que posúen altas capacidades intelectuais e a aqueles con atraso no seu desenvolvemento de maduración, ben pola presenza dunha ou varias discapacidades ou por outros factores de análogos efectos.

Co fin de garantir a equidade, a nova Lei de educación aborda os grupos de alumnos e de alumnas que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar algunha necesidade específica de apoio educativo e, así mesmo, establece os recursos precisos para acometer esta tarefa co obxectivo de lograr a súa plena inclusión e integración.

A concepción da escola como grupo humano implica a aceptación da diversidade do alumnado que, como parte dela, integra e enriquece o labor educativo. Esta aceptación da diversidade do alumnado supón, por parte dos educadores e das educadoras, unha análise e unha reflexión sobre o seu grupo de alumnos e alumnas, así como aceptar que cada un deles ten os seus propios intereses, as súas capacidades, necesidades, motivacións e estilos de aprendizaxe.

Para dar resposta á diferenza de intereses, motivacións, capacidades, etc. seguiranse unhas pautas xerais tales como:

- Modificación do tempo nas aprendizaxes.
- Adecuación da axuda pedagóxica.
- Adecuación da metodoloxía (por iso ten que ser flexible).
- Adecuación das actividades ás diferenzas individuais dos alumnos e alumnas.

Sempre que haxa algún alumno ou alumna con necesidades educativas farase unha avaliación previa por parte da Orientadora do Centro ó que estamos adscritos, e como consecuencia da mesma, unha programación adaptada ás peculiaridades do alumno ou alumna que presente dificultades temporais ou permanentes. Isto implica que a revisión da evolución será constante para axeitar a intervención en todo momento. A intervención será sempre na aula ordinaria, mentres que o informe de avaliación psicopedagóxica non recomende algún tempo de intervención fóra da aula.

## **ACTIVIDADES DE REFORZO**

O Departamento de Orientación colaborará na organización e posta en marcha de medidas encamiñadas a atender as dificultades que o alumnado manifestara nas diferentes áreas de coñecemento, planificaranse dentro do horario lectivo actividades concretas de reforzo educativo. Estas actividades organizaranse dentro do horario xeral do centro, mediante o uso flexible deste e do agrupamento do alumnado.

A finalidade destes reforzos será reforzar prioritariamente as técnicas instrumentais básicas, en canto ao nivel esixible na Educación Infantil. Incidirase, polo tanto, na área das Linguaxes mediante a provisión de máis tempo e maior cantidade e calidade da axuda pedagóxica, co oportuno seguimento individualizado para que o alumnado poida acadar os obxectivos programados.

## **10. AVALIACIÓN**

### **Marco legal:**

-Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Infantil.

-Orde do 25 de xullo de 2009, pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do 2º ciclo de Educación Infantil.

A avaliación é un elemento curricular imprescindible que contribúe á mellora da calidade educativa. É unha actividade valorativa e investigadora, facilitadora do cambio educativo.

A avaliación na Educación Infantil permitiranos obter información sobre como se está desenvolvendo o proceso educativo dos alumnos e das alumnas, para poder intervir adecuadamente. Deberá facerse en termos que describan os progresos que realizan e as dificultades que atopan. Desta forma, poderase dar unha resposta adaptada ás necesidades particulares de cada alumno e de cada alumna.



En ningún momento hai que considerar a avaliación como un instrumento de medida, senón como un elemento inseparable do proceso educativo que contribúe constantemente á mellora da actividade educativa.

### **Características da avaliación:**

Na Educación Infantil, a avaliación atenderá a tódolos ámbitos da persoa e terá en conta a singularidade de cada alumno e de cada alumna. Analizará o seu proceso de aprendizaxe, as súas características e as súas necesidades específicas. Subministraranos datos que nos axudarán a entender os procesos seguidos polos nenos e polas nenas.

A avaliación ten que ter un carácter procesual e continuo, polo que estará presente, de forma sistemática, no desenvolvemento de tódalas actividades e non só en momentos concretos e illados.

A avaliación será: **global**, porque se referirá ao conxunto de capacidades expresadas nos obxectivos xerais do nivel da Educación Infantil, obxectivos que se adecuarán a cada contexto concreto e a cada alumno e a cada alumna; **continua**, porque se considerará un elemento inseparable do proceso de aprendizaxe dos nenos e das nenas; **formativa**, porque proporcionará unha información constante que permitirá adaptar a intervención educativa; e aberta, xa que se poderá adaptar aos diferentes contextos.

A avaliación terá en conta, polo tanto, os obxectivos xerais da Educación Infantil, os contidos curriculares dos distintos ámbitos de aprendizaxe e tódolos criterios de avaliación establecidos. Estes aspectos quedarán reflectidos nos diferentes **rexistros de avaliación**: rexistros de avaliación inicial, rexistros trimestrais e rexistros de avaliación anual.

A valoración do proceso de aprendizaxe **expresarase en termos cualitativos**, recollendo os progresos efectuados polo alumnado e, no seu caso, as medidas de reforzo e adaptación levadas a cabo.

Serán as titoras as que informarán regularmente ás familias. Esta información será por escrito cando menos, cunha periodicidade trimestral, segundo o modelo de Xade.

Ao inicio de cada curso, e cando a situación o aconselle, os titores manterán entrevistas ou reunións de grupo coas familias para facilitar e favorecer a comunicación.

### **Instrumentos de avaliación:**

A observación directa e sistemática, a análise das producións do alumnado e as entrevistas coas familias ou titores legais constituirán as principais técnicas e fontes de información do proceso de avaliación.

Farase uso tamén de anecdotarios e diarios de aula para a recollida de información relevante.

Deberase **avaliar tamén a práctica docente** co fin de adecuala ás necesidades do alumnado. É imprescindible reflexionar sobre a adecuación da programación, dos obxectivos e dos contidos presentados, das relacións de comunicación e do clima en que se desenvolven as actividades, do grao de atención educativa personalizada, e de tódolos aspectos que deben recibir a debida atención.

### **Criterios de avaliación:**

A avaliación servirá para detectar, analizar e valorar os procesos de desenvolvemento do alumnado, así como as aprendizaxes. Para estes efectos, os criterios de avaliación serán o referente para a identificación das posibilidades e dificultades de cada alumna e cada alumno e para observar o seu proceso de desenvolvemento e as aprendizaxes adquiridas. Serán concretados nas diferentes programacións de aula e servirán para seleccionar os ítems de avaliación trimestrais recollidos en XADE.

### **Criterios xerais sobre promoción e titulación:**

O alumnado promocionará automaticamente, salvo aquel que presente un atraso madurativo importante, co debido informe do Departamento de Orientación e do

Equipo de Orientación específico, informada a familia. Terá carácter extraordinario.

Aínda así, revisarase de xeito especial aquel alumnado que non adquira a lo menos, o 50 % dos mínimos esixibles.

## **11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.**

### **ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS**

Este curso a organización das actividades complementarias vai estar condicionada polas medidas de adaptación ao protocolo COVID.

É propio da escola organizar diversas saídas ao Teatro, ao Correlingua, a museos e demais espazos de interese, se ben este curso, polo momento, quedan aprazadas ata que a situación epidemolóxica mellore.

Tamén hai por costume organizar unha visita ao CPI Arquitecto Palacios co alumando de 6º para facilitar a súa adaptación para o vindeiro curso. Terá lugar no mes de xuño sempre e cando as condicións sexan favorables.

Para a realización das sesións de psicomotricidade facíase uso do pavillón de deportes do Concello de Nigrán, próximo á escola. Se ben, este curso queda adiado ata que as condicións melloren.

Participará o alumnado de 6º na Carreira Solidaria que adoita organizar o CPI Arquitecto Palacios polo día da Paz, sempre e cando as condicións o permitan.

As actividades que adoitamos realizar cos centros da contorna (CPI Arquitecto Palacios, CEE de Panxón, Centro Juan María, Galiña Azul, ... ), tales como o apadriñamento lector, a visita do alumnado da Galiña Azul, sesións de contacontos, de teatro, etc. Quedan condicionadas tamén á evolución da pandemia.

Levaranse a cabo saídas pola contorna máis próxima á escola: parque e praia.

Destas e outras actividades que poidan xurdir ao longo do curso e se poidan levar a cabo, será informado o Consello Escolar.

Valoramos a importancia das festas populares e festexámolas na escola, coa colaboración e invitación das familias, mais este curso, polo momento, os

festexos na escola serán sen a presenza das familias, así como tampouco se abrirá a biblioteca do centro (Bibliodunas) á comunidade educativa polas tardes:

- Festa de Samaín ou Halloween.
- Festa do Magosto.
- Festa do Nadal.
- Festa do Entroido.
- Festa de fin de curso
- Conmemoracións que poidan xurdir e que motiven o interese da cativada.
- Outros Obradoiros e actividades de interese que poidan xurdir ao longo do curso

## **ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES**

Ata o momento, a ANPA era a encargada da organización das actividades extraescolares para o noso alumnado, xunto co do CPI Arquitecto Palacios. Tamén organizaba o Plan Madruga e o Plan Mediodía.

Este curso, debido á imposibilidade de cumprir o protocolo COVID, non organizará estas actividades, a lo menos polo momento e ata que a situación mellore.

## **12. CONCRECIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA**

Durante o curso 2018 – 2019 elaborouse o plan de convivencia do centro, tendo en conta a Li 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa e o Decreto 8/ 2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a mencionada Lei 4/2011.

Para a súa elaboración realizouse previamente unha análise do entorno e do centro e detectáronse as seguintes necesidades:

- Cos alumnos: os conflitos máis comúns débense a que non saben respetar as quendas de palabra nin os espazos e ocasionalmente agresividade, insultos ou falta de obediencia a profesorado.
- Coas familias: Ás veces xorden conflitos entre as familias por algún tema relacionado cos seus fillos ou co profesorado, que se soen solventar mediante as titorías ou falando coa directora ou orientadora.

- Co profesorado: xorden conflitos sobre temas relativos á escola, que se solventan nos claustros.

Feita esta análise da situación, creouse a comisión de convivencia, formada pola orientadora, dous representantes do profesorado e un representante das familias e no consello escolar; e fixouse unha reunión de dita comisión por trimestre.

Dita comisión será responsable de todo o relativo á convivencia no centro, para o cal, dentro do plan de convivencia tamén aparecen recollidas unha serie de actuacións, medidas ou programas a realizar, que son:

- Presentación do Plan de Convivencia a familias, profesorado e alumnado.
- Unificación de criterios entre o profesorado para ter claras as medidas a aplicar.
- Actividades de formación do profesorado en estratexias de resolución de conflitos.
- Asambleas de clase en cada grupo.
- Celebración do día da non violencia contra as mulleres (25 novembro) e do día da paz e non violencia (30 xaneiro).
- Desenvolvemento das tarefas de tutoría.
- Formación ás familias: escola de pais e nais.

Outros aspectos recollidos son: o protocolo a seguir no caso de acoso escolar; as normas de convivencia, dereitos e deberes de profesorado, alumnado e familias; as condutas contrarias á convivencia (divididas en faltas leves e faltas gravemente prexudiciais para a convivencia) e as medidas correctoras a aplicar. Destacar o apartado de mediación escolar, co que se pretende formar aos alumnos de 6º de E. I para que exerzan como alumnos/as mediadores durante os patios do recreo, de forma rotativa e voluntaria e sempre en presenza dos mestres/as que vixian no patio, baixo o seguimento dos titores de nivel.

Contamos tamén cun programa de habilidades sociais co fin de desenvolver no alumnado condutas de interacción básicas no seu contexto cotiá e adquirir condutas que lle permitan comunicar sentimentos, opinións, afectos.... Neste programa preséntanse as seguintes estraxias para fomentar o adestramento destas habilidades:

- Instrucións.

- Modelado
- Ensaio conductual: role- playing e dramatizacións.

No referente ao plan de actuación coas familias, fíxanse unha serie de estratexias a seguir para fomentar a súa participación na vida cotiá do centro, como son: mochila escolar como canle de comunicación, reunións ao longo do curso, reunións por niveis, reunións titor - familia, reunións familias – departamento de orientación, control do absentismo, boletíns informativos. ...

Outro epígrafe son as estratexias para a difusión deste plan, entre as cales podemos citar a acción titorial, preparación de lemas, actividades, presentación no consello escolar, reunións

Finalmente, no tocante ao proceso de seguimento, avaliación e mellora deste plan, dicir que ao remate de cada ano académico farase unha valoración global do mesmo.

### **13. CONCRECIÓN DO PLAN TIC.**

A aplicación das TIC ao traballo da aula convértese nunha peza clave na educación e formación das novas xeracións. A súa importancia social e o lugar preferente que ocupan xa na vida dos nenos e das nenas, fai que deban estar presentes nos centros educativos, de modo que aqueles adquiran os coñecementos e habilidades necesarias para abordar con garantía de éxito a súa utilización nos contornos de aprendizaxe, familiares e de lecer.

En Educación Infantil, o Plan de Introducción das TIC concrétase en:

- Introducir aos alumnos no coñecemento básico do léxico do PC (teclado, rato, clic, monitor, disco).
- Familiarizar aos alumnado no manexo do ordenador e tablet mediante o uso de programas lúdicos e educativos.
- Familiarizalos no manexo da Pizarra Dixital Interactiva, como no maxeno dos distintos robots que hai no centro.
- Desenvolver a capacidade de lecto-escritura mediante o uso de programas adecuados.

- Desenvolver a linguaxe e coñecementos lóxico-matemáticos.
- Participar da páxina web do centro.

#### **14. ACCIÓNS DE ACORDO CO PLAN ANUAL DE LECTURA.**

Co Plan Anual de Lectura concrépanse os obxectivos e accións para o desenvolvemento do Proxecto Lector de Centro para este curso escolar

Obxectivos:

- Conseguir que a biblioteca sexa eixo dinamizador dos proxectos que se desenvolverán no centro.
- Valorar a biblioteca como un espazo de desfrute e fonte de información para toda a comunidade educativa.
- Contribuír á compensación de desigualdades sociais.
- Fomentar a lectura como fonte de pracer.
- Potenciar a implicación de toda a comunidade educativa na creación de hábitos lectores: recuncho de lectura para familias, mochilas viaxeiras.
- Diseñar e elaborar materiais de traballo e propostas para a promoción lectora.
- Proporcionar apoio ao proxecto de centro: “ SENTINDO CON LOLA”.
- Promover o uso dos recursos do centro de forma que contribúan en tódalas áreas ao desenvolvemento de ALFIN e do uso das TICS.
- Iniciar e potenciar o desenvolvemento lectoescritor segundo a idade e capacidade do alumnado.
- Facer uso da lectura para ampliar vocabulario.
- Promover o recanto de creatividade de Argallando con Lola.

#### **Actividades:**

Algunhas das actividades que se levarán a cabo son:

- Correspondencia coa Ratiña Lola. A ratiña Lola é a mascota da biblio e a protagonista en moitas das actividades de dinamización programadas dende o equipo de biblioteca.
- Elaboración de libros colectivos cos traballos realizados polo alumnado.
- Apadriñamentos lectores co alumnado do noso centro adscrito, o CPI Arquitecto Palacios.
- Hora de ler. Na penúltima sesión da mañá en cada grupo.
- Actividades nas sesións de biblioteca: (dúas sesións semanais por grupo)
- Nunha das sesións o alumnado acudirá coa súa titora para levar a cabo a formación de usuarios, o empréstito, actividades de fomento da lectura, ALFIN...
- Na outra sesión tentarase que estea alguén do equipo de biblioteca para realizar actividades no caixón de luz, realidade aumentada coa tablet, robótica e desfrutar do recanto de “Argallando con Lola”, onde se levan a cabo actividades manipulativas, creativas e de experimentación.
- Sesións de contacontos e animación lectora.
- Conmemoración de datas sinaladas como o día das bibliotecas escolares, día do libro, Rosalía de Castro, Poesía...

## **15. ACCIÓNS PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO**

O Estatuto de Autonomía no artigo 5 define a Lingua Galega como lingua propia de Galicia e dispón que os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e que todos teñen o dereito de coñecelos e usalos.

Segundo o Decreto 79/ 2010, do 20 de Maio, para o plurilingüismo na ensinanza non universitaria, dispón no seu artigo referido a educación infantil, que o profesorado utilizará na aula a lingua materna predominante entre o alumnado, ben que deberá ter en conta a lingua do contorno e procurará que o alumno adquiera, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia dentro dos límites da etapa ou ciclo. Asemade atenderase de forma individualizada ao alumnado tendo en conta a súa lingua materna.

Participaremos no Proxecto de Fomento de Uso do Galego co fin de fomentar o uso do mesmo entre o alumnado.



### **Os obxectivos:**

- Respetar e estimular o uso das dúas linguas, potenciando a menos favorecida.
- Crear o ambiente propicio para que a comunicación entre a escola e a comunidade educativa sexa sensible ao uso do galego.

Empregaremos a lingua galega en:

- Conversas na assemblea ou faladoira.
- Lectura de contos.
- Anuncios.
- Memorización de poesías, adiviñas, cantigas, trabalinguas,...
- Biblioteca viaxeira e libreta viaxeira.
- Actividades complementarias relacionadas coa cultura e a etnografía galega: teatro, concerto, festas populares, saídas polo contorno para descubrir as nosas raíces,
- As comunicacións coas familias farase en galego, tanto a nivel verbal como escrito.
- Os libros de texto e materiais curriculares son en lingua galega sempre que sexa posible.
- A biblioteca de aula conta con libros, revistas e outros materiais en galego.
- Material audiovisual ( CDs, DVDs, diapositivas,..) en galego.

Solicitaremos as axudas do fomento de uso do galego coa finalidade de facer actividades cos rapaces que axuden á adquisición da lingua galega.

## 16. PLURILINGÜISMO

Durante o presente ano académico, a EEI As Dunas contará co programa plurilingüe Plurin infantil, polo que será centro plurilingüe acreditado en Educación Infantil.

Como consecuencia, a carga horaria impartida en lingua estranxeira en cada un dos grupos ata o pasado curso se verá incrementada para que o alumnado poida recibir un maior número de sesións en inglés.

Os principais obxectivos do Programa Plurilingüe no noso centro son:

- Proporcionar unha competencia plurilingüe e pluricultural.
- Converteraos/ás escolares en usuarios preparados para empregar cada unha das linguas do repertorio plurilingüe persoal como ferramenta para a adquisición, construción de coñecementos, para o goce e a creación a través da linguaxe.
- Conseguir que o alumnado se inicie na adquisición da capacidade de utilizar estratexicamente a súa competencia plurilingüe para a mediación en situacións en que os participantes non comparten o mesmo repertorio lingüístico, para a adquisición e procesamento de información, e para conseguir o éxito na comunicación cando o interlocutor ten unha competencia mínima na lingua.
- Desenvolver a curiosidade polas linguas, e proporcionarlles coñecementos básicos sobre que son e como funcionan a partir da observación, manipulación e comparación das diferentes linguas presentes na aula.
- Convertelos en aprendices de linguas estratéxicos e autónomos, e motivados para aprender durante toda a súa vida.
- Formar para a convivencia nunha sociedade multilingüe e multicultural, axudándoos a construírse unha identidade propia e que nesta construción teña un papel fundamental o coñecemento e experiencia da lingua e cultura propia do país do cal son cidadáns.
- Conseguir que estes obxectivos sexan alcanzados por todos os alumnos e alumnas, independentemente da súa procedencia xeográfica ou nivel sociocultural, das competencias lingüísticas e experiencias culturais que

posúe ao incorporarse á escola, e das súas capacidades e estilo de aprendizaxe- na medida das súas posibilidades.

As sesións propostas para cada un dos cursos (4º, 5º e 6º de EI) serán desenvolvidas nas tres áreas de coñecemento cos seus respectivos bloques e obxectivos: coñecemento de si mesmo e autonomía persoal (o obxectivo é desenvolver o proceso de construción persoal do alumnado mediante os bloques relativos ao corpo e a imaxe, o xogo e o movemento e as actividades cotiás), coñecemento da contorna (para favorecer o proceso de descubrimento e representación da contorna, traballar sobre a natureza, cultura e vida en sociedade) e linguaxes: comunicación e representación ( co obxectivo de mellorar a comunicación do alumnado en todas as súas manifestacións, traballar a linguaxe verbal, plástica, corporal, musical, audiovisual...).

As diferentes competencias serán desenvolvidas en todas as áreas en diferente graos. Entre elas, a denominada competencia comunicativa será fundamental. Esta competencia é unha ferramenta básica para adquirir novas aprendizaxes do conxunto das áreas. Non implica só o coñecemento do código lingüístico senón tamén a aplicación deste a situacións comunicativas contextualizadas, tanto académicas como de outra índole.

A técnica comunicativa e as súas prácticas aprenderanse en todas as áreas, cada unha coa modalidade máis específica e axeitada en función dos requirimentos do contexto. É preciso, polo tanto, entender a competencia lingüística como un elemento común e de tratamento (ou de desenvolvemento) transversal necesario. No relativo á metodoloxía, terase en conta o rol central do alumnado no proceso de aprendizaxe así como os seus intereses e necesidades. O plantexamento das sesións terá carácter lúdico e propiciará o traballo en equipo mediante diversos tipos de agrupamentos en función das necesidades dos proxectos e tarefas propostos co gallo de favorecer aprendizaxes significativas. O tratamento da lingua nesta etapa de Infantil atoparase centrado na dimensión oral. O alumnado con necesidades específicas de apoio educativo será integrado nas sesións impartidas en lingua estranxeira co apoio e atencións que así o requiran. Ademais de traballar as diferentes áreas a través dun enfoque globalizado para propiciar un mellor desenvolvemento das competencias clave, o emprego das TIC será constante dentro das aulas impartidas en lingua estranxeira.. Por ese motivo, se

levarán a cabo actividades con distintos materias (a escola conta con PDIs, tablets e robots educativos que, por tanto, serán empregados en diversas tarefas á hora de levar a cabo as sesións para o Proxecto Plurilingüe contribuíndo así ao desenvolvemento e reforzo da competencia dixital).O centro conta ademais cunha biblioteca escolar dotada de numerosos contos en inglés con diferentes temáticas que se empregarán como recursos educativos para fomentar o gusto pola lectura, o desexo de coñecer e investigar e como elemento de familiarización e integración da lingua estranxeira. A meirande parte dos devanditos contos teñen sido adquiridos ao longo dos anos polo centro pero os fondos inclúen tamén libros bilingües e trilingües (galego-castelán-inglés) elaborados por escolares da EEI As Dunas durante os pasados anos académicos como parte de proxectos nos últimos anos. Mediante o emprego de historias na lingua estranxeira tentarase propiciar o desenvolvemento das destrezas orais e de comprensión auditiva en inglés.

O centro contará tamén cunha auxiliar de conversa durante este ano académico, que levará a cabo as funcións que lle correspondan dentro das aulas durante 8 horas semanais en base ao programa de auxiliares de conversa.

O proceso de avaliación do alumnado será levado a cabo polo coordinador do programa en colaboración co profesorado da escola que imparta as diferentes áreas. Propoñeranse indicadores e instrumentos de avaliación en función das necesidades derivadas do contexto.A observación diaria e o rexistrado durante o desenvolvemento das sesións será fundamental para determinar as cualificacións trimestrais.

## **17. VARIABLES DO CURSO 2020-2021**

A variable máis significativa e que vai condicionar toda a actividade lectiva e a vida diaria da escola, é que estamos a vivir unha pandemia e polo tanto, a actividade diaria verase influenciada e modificada. Para adaptarse a este contexto novo, a escola creou un plan de adaptación ao contexto da COVID\_19, un programa de acollida, un plan de continxencia, así como un plan de reforzo.

## PLAN DE REFORZO

A principios do curso, realizarase unha avaliación inicial para comprobar se algún dos obxectivos do terceiro trimestre do curso pasado non foron acadados, debido á supresión da actividade lectiva presencial.

Esta avaliación contemplará, fundamentalmente, contidos relativos á lectura, á escritura e ao cálculo e a partir de aquí se elaborarán as programacións de aula.

Por outra banda, é preciso facer constar que esta programación está creada para un contexto de ensino presencial, se ben, contéplase a posibilidade de que nalgún momento teña que levarse a cabo un ensino a distancia ou mesmo mixto.

Se fose necesario un ensino a distancia, o profesorado vaise formar xa a principios de curso, no manexo da aula virtual para traballar con ela se se dese este caso. Ademais seguirase empregando tamén a páxina web do centro, como fonte de información e tamén para a difusión de actividades.

De tódolos xeitos, farase uso da aula virtual aínda que non haxa un confinamento. Esta decisión tomouse por varios motivos: para que o alumnado se familiarice con este novo medio, para que as familias teñan máis recursos para traballar dende a casa como xeito de complementar e afianzar o traballo da aula, e tamén por se se producisen ausencias prolongadas de alumnado por teren que estar en situación de aillamento.

Deste xeito, a metodoloxía que se seguirá en caso de confinamento será a seguinte: publicación na páxina web e/ou aula virtual de: actividades, vídeos nos que participe o profesorado, ligazóns a materiais de interese, informacións varias ás familias que lles poidan axudar na práctica diaria, etc.

As familias enviarán evidencias dos traballos efectuados co alumnado (vídeos, fotos, traballos escaneados, etc) ao correo electrónico que o profesorado lles facilitará para este fin.

Teranse en conta as necesidades tecnolóxicas de cada familia, que serán detectadas ao inicio de curso. A escola tentará dar solución ás mesmas con empréstimo de recursos propios e a solicitude dos mesmos á consellería se fose o caso.

Tamén se considerará a opción de pedir axuda ao Concello para suministrar estes recursos, así como tamén para aportar a documentación impresa ás familias que o precisasen se fose o caso.

Os obxectivos para o curso tentarase que non se vexan modificados, así coma os contidos a traballar.

A avaliación estará baseada nas evidencias que as familias aporten dos traballos realizados cos seus fillos e fillas, sempre tendo en consideración as particularidades de cada familia.

Neste contexto, as mestras titoras terán especial coidado en velar pola seguridade e o benestar do seu alumnado, tentando que ningún neno ou nena quede en situación de desamparo e tentando proporcionar os recursos precisos para que ninguén se vexa prexudicado.

O que se pretende polo tanto, é ter en conta todos os escenarios posibles e estar preparados para dar unha resposta axeitada e que así a calidade da educación non se vexa mermada.

Panxón, 19 de outubro de 2020